

Documentos

Finanzas, enerxía, terra, coidados, datos: Privados? Sociais? A economía no século XXI

4

Lidia Senra Rodríguez

Deputada no Parlamento Europeo

OFICINA EN GALIZA

Rúa do Hórreo, 60. Entrechán.
Santiago de Compostela

OFICINA EN BRUXELAS

Parlamento Europeo,
WIB 02M025, Rua Wiertz, 60.
1047, Bruxelas (Bélxica)

TELÉFONOS

Lidia Senra:

0034 609 845 861

Oficina Bruxelas:

0032 228 474 14

Comunicación Bruxelas:

0034 698 108 434

Oficina Galiza:

0034 881 817 443 /

0034 698 120 268

Comunicación Galiza:

0034 698 144 067

www.lidiasenra.gal

 LidiaSenraRodriguez

 @LidiaSenra

 @AGEuropa

 AGE en Europa

A urxencia dun novo modelo económico que poña no centro das políticas a vida e non os intereses do capital

Lidia Senra

Eurodeputada galega, integrada no Grupo Confederal da Esquerda Unitaria Europea/ Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL).

A crise provocada polo sistema capitalista está a xerar un profundo afondamento das desigualdades na sociedade, que podemos ver reflectido cada día en titulares e en datos concretos. O 1% da poboación mundial acapara o 82% da riqueza, a metade da poboación mundial posúe só o 1% da riqueza. A fenda salarial entre homes e mulleres a nivel mundial rolda o 23%. En 2013, na Unión Europea dos 27, o 3,1% das explotacións agrarias dispuñan do 52,2% da superficie cultivábel, mentres que o 76,2% dispuñan unicamente do 11,2% das terras agrícolas. O 10% máis rico da poboación española concentra máis que o 90% restante. Sete de cada dez persoas que reciben salarios máis bai-

xos no Estado español son mulleres. O 22,6% da poboación galega en 2017 seguía en risco de pobreza e/ou exclusión social en Galiza, da que o 24,4% son mulleres e o 20,7% son homes.

A estas porcentaxes temos que pór-lles cara e nome. A cara e o nome propio de mulleres, nenos e nenas, adolescentes, homes que o sistema empobrece, marxina e fai sufrir, só porque un puñado de grandes ricos queren gañar máis. Son miles de persoas excluídas do emprego, con empregos en precario, labregas e labregos, e pescadores e pescadoras a pequena escala. Miles de persoas expulsadas das súas vivendas, dos seus países.

O desenvolvemento baseado no crecemento, no espolio dos bens da natureza e dos países en desenvolvemento, e nunha política comercial que pon mercadorías en circulación arredor do planeta, así como no fomento dun consumo insostible e sen ter conta os límites do planeta, vai camiño dunha crise sen precedentes e dunha seria ameaza para a vida e para o planeta que se manifesta na enorme contaminación dos solos, das augas e do aire; nos impactos da mudanza climática; nas invasións e as guerras promovidas polas potencias occidentais para controlar auga, petróleo ou minerais; na contaminación e no empeoramento das condicións de vida e da saúde das persoas; aumentan a fame, a desnutrición, a miseria e a morte.

Son moitos os debates que se están a dar. Os e as defensores do modelo capitalista empéñanse en facernos crer que non hai alternativa ao capitalismo e que a solución aos graves retos que afronta a humanidade poden resolverse sen tocar o sistema.

As solucións que nos venden son diversas. Citamos algunhas das máis debatidas na actualidade no Parlamento Europeo:

- A transición enerxética ou a economía circular non van ao fondo do problema, simplemente é un intento de pintar o modelo de sustentábel mais controlado polas mesmas empresas, xerando beneficios para o capital e mantendo o mesmo nivel de consumo.
- A enerxía azul, que abrangue todo tipo de actividades ligadas á sobreexplotación de todos os recursos dos océanos, incluída a minaría nos fondos mariños.

Docs 4

- 4 Finanzas, enerxía, terra,
coidados, datos: Privados? Sociais?
A economía no século XXI

- A economía dos datos, a dixitalización, que no fondo son unha nova fonte de beneficios para o gran capital e de concentración da riqueza, onde ademais dos beneficios que tiran dos nosos datos que obteñen de maneira gratuíta, en cada operación que realizamos desde as nosas casas, estamos a traballar gratis e contribuíndo a suprimir postos de traballo e, polo tanto, a converter en beneficio o que terían que ser salarios.
- A agricultura intelixente, que servirá para seguir profundando nunha agricultura cada vez máis dependente e na expulsión das labregas e dos labregos da produción dos alimentos.

Ningunha delas pon en cuestión o modelo nin o control por parte do gran capital, nin aborda a necesidade de reducir o consumo, nin a de establecer medidas para a repartición do traballo e da riqueza.

Nós pensamos que é necesario, urxente e imprescindíbel dar esperanza, pór a vida e o planeta no centro das políticas económicas, necesitamos saír do derrotismo en que nos que- ren, facéndonos crer que a alternativa ao capitalismo é o capitalismo sen límites. Ese capitalismo que hoxe precisa de gobernos autoritarios para combater e criminalizar as loitas sociais que se están a dar todos os días e en todo o planeta, para derrotar as conquistas da clase traballadora e para seguir apoderándose dos bens comúns e dos bens da natureza.

Os partidos políticos da esquerda temos que ir máis aló do apoio ás loitas dos nosos pobos, temos a obriga de retomar o debate ideolóxico e, partindo de que a loita de clases segue vixente, elaborar alternativas para unha economía socialista, que poña a vida, os dereitos humanos, a igualdade e o planeta no centro das súas políticas. Temos a obriga de elaborar alternativas que nos devolvan a esperanza de que hai futuro para a humanidade e para o planeta e que ese futuro pasa por derrotar o capitalismo e o patriarcado.

Por iso organizamos unhas xornadas en Santiago os pasados días 30 de marzo e 6 de abril do 2019 e por iso agora edi-

tamos este libro que recolle textos de persoas que participaron como relatoras, para retomar e profundar na necesidade de que sectores claves para o desenvolvemento e o benestar (non medido pola capacidade de consumo, senón en calidade de vida) non estean controlados polo sector privado. É fundamental que sectores como as finanzas, a enerxía, a terra, os coidados, os datos, sexan de titularidade pública e formen parte da necesaria planificación da economía para acadar a xustiza social e climática.

Docs 4

- 6** Finanzas, enerxía, terra,
coidados, datos: Privados? Sociais?
A economía no século XXI

Na época das tres crises, reabrir o debate sobre o socialismo

Xabier Pérez Davila

Economista, profesor de FP xubilado, autor do libro *Alén da Casta. Un ensaio sobre o poder e as clases sociais no S.XXI*. Investiga sobre a posibilidade da sociedade socialista na Europa actual. Participou con Lidia Senra na organización destas xornadas.

A humanidade enfronta tres grandes crises: un aumento exponencial da desigualdade e da concentración da riqueza que se traduce en dominio da economía e da sociedade por un pequeno grupo de grandes capitais que condicionan a política a través da manipulación dos medios de comunicación e a captación de datos; ameazas sobre os equilibrios naturais e biolóxicos que están na base de calquera sociedade humana civilizada viábel: extinción de especies, acumulación de plásticos e substancias contaminantes, aumento das temperaturas con consecuencias potenciais catastróficas; crise do tempo e dos coidados, sobrecarga das mulleres coa tripla responsabilidade: traballo retribuído de mercado, traballo doméstico e de crianza, e coidados, que se manifesta en esgotamento físico e psicolóxico e caída da taxa de natalidade.

Se 1989 sinalou o capitalismo como único horizonte imaxinábel, rexorde, xa avanzado o século, a crítica ao dominio

do capital e a proposta de alternativas poscapitalistas. Neste texto describo brevemente os principais síntomas da doenza que padece a sociedade, apunto un diagnóstico que os explica, e unha terapia: a superación do capitalismo para avanzarmos cara a unha economía e unha sociedade socialistas.

Os síntomas

Enumero cinco síntomas: desigualdade crecente, aumento da precariedade, queda da participación dos salarios no PIB, crise ecolóxica e crise dos coidados.

1. Desigualdade crecente

Despois das tres décadas de baixa desigualdade que seguiron á Segunda Guerra Mundial, a renda e o patrimonio concéntranse aceleradamente. Este fenómeno, con distinta intensidade, dáse en todas as sociedades capitalistas¹.

PARTICIPACIÓN DO DECIL SUPERIOR NA RENDA TOTAL

	Década 1900	Mínimo	2010
Estados Unidos	41%	34%	48%
Gran Bretaña	47%	28%	42%
Europa	46%	28%	35%
Alemaña	45%	30%	36%
Suecia	47%	22%	28%

O mínimo de participación do dez por cento dos máis ricos produciuse nos Estados Unidos en 1970 e en 1980 en Europa. Cara a 2010 a participación dos máis ricos estadounidenses na

.....

- 1 Piketty, Thomas: *El Capital en el siglo XXI*, Fondo de Cultura Económica, Madrid, 2014.

Docs 4

- 8 Finanzas, enerxía, terra, coidados, datos: Privados? Sociais? A economía no século XXI

renda total superaba o nivel de 1900 en 7 puntos porcentuais, un indicador dun extraordinario nivel de desigualdade. Gran Bretaña achégase aos niveis de desigualdade de comezos do século XX. Pola contra, en Suecia a participación dos máis ricos na renda total era 20 puntos porcentuais inferior á estadounidense. Desde outro punto de vista, o 90% de menor renda dispón en Suecia do 72% da renda total e só do 52% en Estados Unidos².

A riqueza concéntrase nun grao descomunal entre os grandes propietarios capitalistas. En 2015 o patrimonio dos 25 máis ricos equivalía ao PIB de Andalucía, Cataluña, Madrid, País Valenciano e Galiza. Só tres anos despois, en 2018, xa superaba o PIB de todo o Estado español³.

PATRIMONIO DOS 25 MÁIS RICOS DO MUNDO, 2013

	Habitantes	PIB 2013 (millóns €)
And.-Cat.-Mad.-P. Val.-Gz.	30 millóns	687.000
Aldea dos súper - millionarios	25	689.000 (patrimonio)


PATRIMONIO DOS 25 MÁIS RICOS DO MUNDO, 2013

	Habitantes	PIB 2017 (millóns €)
Estado español	47 millóns	1 166 319
Aldea dos súper - millionarios	25	1 191 352 (patrimonio)

.....

- 2 Pikkety, Thomas: *El Capital en el siglo XXI*, Fondo de Cultura Económica, Madrid, 2014.
- 3 <https://www.forbes.com/billionaires/list/#version:static>, consultado o 8 de marzo de 2018.

Simon Mohun estuda a desigualdade nos Estados Unidos desde un punto de vista marxista, calculando a distribución da renda entre tres clases sociais: a clase traballadora, a clase das persoas xerentes e a clase capitalista⁴.



Liña superior: clase traballadora; liña media clase capitalista;
liña inferior clase xerentes

A participación da clase traballadora situouse en 2007 en mínimos históricos, e continúa a ser inferior ao 50% da renda total. O enfoque de Mohun condúcenos ao segundo e ao terceiro síntomas: precarización do traballo e perda do peso dos salarios no PIB que analizo nas seguintes seccións.

2. Precarización do traballo

Un dos albos da contraofensiva capitalista liderada por Augusto Pinochet, Margaret Thatcher e Ronald Reagan foi a restauración do dominio do capital sobre o traballo no proceso produtivo, na fábrica, na oficina, no lugar da prestación de servizos. Velaquí a orixe da precarización en marcha do traballo. Sotelo

.....

4 Mohun, Simon: *Class Structure and the US Personal Income Distribution, 1918-2011*, pdf.

Docs 4

10 Finanzas, enerxía, terra,
coidados, datos: Privados? Sociais?
A economía no século XXI

afirma que a reestruturación capitalista está a mudar a fisonomía da relación de traballo mediante catro instrumentos:

- A desregulamentación xurídico-política conducida polo Estado e a patronal mediante a privatización económica e a reestruturación produtiva.
- A flexibilización do traballo que implica a creación de operarios polivalentes, máis adaptados aos ciclos produtivos.
- A precarización laboral mediante a desintegración laboral, salarial e social.
- A terceirización das actividades produtivas e da forza de traballo.

«Estas catro dimensións (desregulamentación, flexibilidade, precariedade e terceirización) codifican o *contrato temporal vulnerábel* como forma hexemónica do novo réxime neoliberal vixente da división mundial do traballo, ao mesmo tempo que estimulan a xeneralización da superexplotación do traballo e da precariedade, afectando a maioría das categorías que constitúen o mundo do traballo»⁵. Segundo o director da oficina da OIT para México, dos máis de tres mil millóns de persoas traballadoras que hai no mundo, dous mil millóns traballan en situacións de precariedade sen protección social e dereitos⁶.

3. Queda da participación dos salarios

Unha das forzas motrices do aumento da desigualdade é a perda de participación dos salarios no produto total e a transferencia de valor do traballo ao capital. As principais tendencias globais en relación cos salarios poden esquematizarse así:

- Aumento da produción (PIB) e da produción por persoa (PIB/pp) en todas as rexións.

.....

5 Sotelo Valencia, Adrián: *O precariado. Unha nova clase social?* Fundación Moncho Reboiras, Galiza, 2017.

6 Declaracións a *La Jornada*, 8-X-2013.

- Aumento da produtividade en todas as rexións.
- Aumento do salario por traballadora en todas as rexións, agás na Asia Próxima e nos países desenvolvidos nos que o aumento salarial é moi pequeno.
- A taxa de incremento anual dos salarios en todas as rexións é inferior ao crecemento da economía e á taxa de incremento da produtividade.
- Polo tanto, baixa a participación da masa salarial total sobre o PIB. Este descenso da participación do traballo na renda total vai inevitabelmente acompañado do aumento da participación dos lucros do capital.

En resumo: desde a década dos anos 80 do século XX, a participación do traballo no produto total cae e aumenta a participación do capital, increméntase a taxa de explotación.

Estas cinco tendencias son documentadas tanto por institucións representativas dos traballadores e das traballadoras –por exemplo a Organización Internacional do Traballo (OIT)–, como polas principais organizacións de xestión e dirección dos intereses do capital: Banco Central Europeo (BCE), Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económico (OCDE), Fondo Monetario Internacional (FMI).

Docs 4

EVOLUCIÓN DA PARTICIPACIÓN DAS RENDAS DO TRABALLO NO PIB (%)

	USA	Xapón	Alemaña	Francia	RU	Italia	EE	Media
1980	46,64	56,07	51,62	48,83	51,62	49,00	47,03	
1990	43,37	49,05	47,28	43,34	46,16	48,07	41,81	
2000	44,38	47,91	45,76	39,69	39,64	44,48	42,11	
2010	38,35	43,69	41,89	39,78	40,71	42,86	37,43	
	-8,29	-12,38	-9,73	-9,05	-10,91	-6,14	-9,6	-9,44

The Fall of Labour Income Share in Advanced Economies,
Ángel Estrada e Eva Valdeolivas, BCE, 2012

Para o FMI, os datos mostran que «observando a participación do traballo, produciuse un claro declive desde os primeiros 1980s nas economías desenvolvidas»⁷.

A OCDE reconece que en «moitos países da OCDE a desigualdade aumentou nas últimas décadas» e que unha gran parte dese aumento «reflicte o alargamento da dispersión das rendas do traballo», facendo referencia ao aumento dos salarios altos e moi altos, ao tempo que perden poder adquisitivo os salarios máis baixos.

As forzas que empurran os salarios á baixa son tan poderosas que a recuperación do emprego non impulsa, como en fases anteriores do capitalismo, os salarios á alza. O FMI reconece esta desconexión entre aumento do emprego e suba dos salarios: «Nos tres últimos anos, o mercado de traballo en moitas economías desenvolvidas mostra signos crecentes de recuperación despois da Gran Recesión de 2008-09. A pesar da caída das taxas de desemprego, o crecemento dos salarios é lento, suscitando unha irritante (sic) cuestión: por que unha demanda de traballadores e traballadoras non eleva as retribu-

.....

7 Jaumotte, Florence e Tytell, Irina:
The Globalization of Labor, FMI, abril 2007.

cións?»⁸. En realidade, a taxa de desemprego xa non dá conta da debilidade real do mercado de traballo. As horas por persoa traballadora redúcense ao tempo que o emprego a tempo parcial non desexado aumenta, sen ficar reflectido nas taxas oficiais de desemprego.

Desigualdade, precarización, queda dos salarios. Por que?

O aumento da desigualdade sería o resultado de catro factores.

- Aumento da explotación, aumento do tempo de traballo, do valor, do que se apropia o capital, nunha nova distribución primaria da renda na que aumenta a parte de quen posúe e xestiona os medios de produción e o proceso de traballo.
- Unha vez establecida esta distribución primaria, as persoas capitalistas extraen parte da renda que correspondera ás rendas do traballo, por exemplo, a través do sistema financeiro, comisións, xuros, ou do encarecemento dos alugueiros ou dos prezos da vivenda.
- Reformas dos sistemas impositivos. A evasión e elusión fiscal, a creación de paraísos fiscais, as reformas impositivas, trasladan parte da carga que antes soportaba o capital ás rendas do traballo, que financian unha parte crecente dos investimentos en infraestruturas e servizos imprescindíbeis para o funcionamento da economía capitalista, por exemplo, en sanidade e educación.
- Por último, as altas taxas de paro, que privan millóns de traballadores e traballadoras no mundo de calquera fonte de ingresos, completan o cadro de factores que explican o estoupido da desigualdade.

.....

8 Gee Hee Gong e outros: *The Disconnect Between Unemployment and Wages*, FMI, setembro 2017.

Docs 4

A precarización do traballo e queda da parte dos salarios no PIB son o resultado de:

- O incremento da forza de traballo dispoñíbel para o capital mundial
- A competencia, inducida por ese incremento da forza de traballo, entre as traballadoras de distintos países
- Unha ofensiva política e ideolóxica continuada e poderosa para debilitar a organización política e sindical das clases traballadoras
- A liberalización dos fluxos de capital a través das fronteiras estatais
- A automatización de tarefas e procesos que permiten substituír man de obra especializada por outra sen cualificación
- O aumento do paro e novas formas de precariedade facilitadas polo capitalismo de plataformas. Todos estes factores fan parte da tendencia inmanente do capital á maximización do lucro e á explotación da forza de traballo.

Crise ecolóxica

Cara ao ano 1820, a eclosión do réxime de produción capitalista, en Manchester-Inglaterra, produce un salto cualitativo no impacto da actividade humana sobre o medio natural. A partir do núcleo inicial inglés, a revolución industrial e o capitalismo espalláronse ao continente europeo máis próximo e, como unha mancha de aceite, a América do Norte, Asia e a todos os continentes. As principais características deste proceso son:

- Crecemento continuo e acelerado da produción e o consumo por persoa.
- Crecemento continuo e acelerado da poboación.
- Máis consumo por persoa multiplicado por maior poboación produce:

- Crecemento continuo e acelerado da extracción de recursos naturais: terra, auga, madeira, peixes, minerais, combustíbeis fósiles...
- Crecemento continuo e acelerado da emisión de materiais e gases contaminantes: xurros do gando, restos de produtos agrícolas, augas sucias humanas, gases contaminantes, residuos metálicos, produtos químicos líquidos... e máis adiante, plásticos, metais pesados...

Despois da Segunda Guerra Mundial, o sistema capitalista provoca unha segunda aceleración. A xeneralización das técnicas de publicidade, a implantación global da industria cinematográfica e da televisión co seu poder de penetración nos fogares, a homoxeneización cultural orixinan un fenómeno novo: o consumismo, a creación continua de novos bens e servizos, a xeración constante de novas necesidades.

A globalización capitalista, iniciada a partir da década de 1980, alimenta unha terceira aceleración da produción e o consumo. A mellora cualitativa dos sistemas de transporte permite un estoupido dos desprazamentos, as viaxes, o turismo e o transporte de mercadorías. O abaratamento do transporte de mercadorías facilita a creación de redes de produción de valor mundiais: os contedores transportan pezas desde Vietnam e outras economías de baixos salarios á China, onde se montan teléfonos intelixentes, tabletas... e desde alí aos mercados occidentais.

As tecnoloxías da información e a comunicación, e Internet, estimulan a cuarta aceleración da produción e o consumo por dúas vías:

- Aumentan a capacidade persuasiva da publicidade e a promoción do consumo: *Black Friday* en Occidente, Día dos Solteiros na China o 11 de novembro, *Amazon*, *Alibaba*.
- Internet é un novo foco de consumo de enerxía; algúns cálculos afirman que se a rede fose un país independente sería o quinto consumidor mundial de enerxía eléctrica.

Docs 4

A produción capitalista de novas necesidades, sen valorar os custos ecolóxicos, é incesante como mostran tres exemplos recentes:

- *Café Take Away*. Reino Unido desbota 2.500 millóns de vasos de cartón cada ano. O Parlamento británico quere aprobar un imposto de 25 centavos por vaso e que no ano 2023 sexan reciclábeis.
- Cápsulas de café. Cada ano desbótanse máis de 7.000 millóns. A cidade de Hamburgo, o Govern de Balears e outras administracións estudan a súa prohibición.
- *Bitcoin*. O *bitcoin* é unha moeda electrónica. Para conseguila é necesario resolver uns difíciles problemas matemáticos. Os «mineiros» de *bitcoins* utilizan potentes computadores especiais para solucionarlos. Algúns estudos conclúen que a produción de *bitcoins* consumiría 7,7 xigawatts, o 0,5% do consumo mundial de enerxía eléctrica, aumentando a emisión de gases de efecto invernadoiro, sen producir en troco nada útil.

O resultado destas catro aceleracións leva algunhas científicas a defender que nos achamos nunha nova fase da historia da Terra: o Antropoceno, de antro-po-, humano, e -ceno, novo. Nesta fase, a actividade humana modifica o clima terrestre, as infraestruturas de transporte e o crecemento das cidades achandan a superficie terrestre, desaparecen os bosques primarios, prodúcese unha extinción masiva de especies e a contaminación chega a todos os recunchos do planeta.

Mudanza climática

A mudanza climática é a manifestación máis ameazante da crise ecolóxica producida polas crecentes produción e consumo. A humanidade posúe un cerebro global que a estuda, o Panel Intergubernamental sobre as Mudanzas Climáticas (IPCC en inglés). Integrado por unhas 3.500 persoas expertas procedentes de 130 países, elabora predicións periódicas sobre a evolución

do clima. Jean Jouzel, ex-vicepresidente do IPCC, alerta sobre a magnitude do reto que encaramos⁹:

«Os fenómenos que se observan actualmente (intensificación das secas, furacáns...) non son nada comparados co que nos espera nos próximos anos [...] Para lles evitar a estes mozos e mozas un clima no cal lles resultaría difícil vivir, estimo que non nos restan máis que tres anos para inverter a curva das emisións de gases de invernadoiro. Non temos dereito a quedar de brazos cruzados. As nosas xeracións dan probas dun grande egoísmo [...] Durante a crise financeira púxose un billón de euros sobre a mesa para salvar os bancos a escala europea. Propomos que se mobilice ese mesmo montante, quer dicir, o 2% do PIB europeo, para salvar o clima [...] Hai que mudar a maneira en que nos desprazamos, a forma en que nos alimentamos, o modo en que nos alimentamos. E, de modo máis xeral, o modelo no que se basea o comercio mundial o que, ao meu entender, representa o problema: as regras da OMC [Organización Mundial do Comercio] teñen como obxectivo maximizar os intercambios, mentres que faría falta tender cara a unha relocalización das actividades».

Crise dos coidados

Para comprendermos a desigualdade na sociedade, xunto á desigualdade entre clases sociais debemos estudar a desigualdade entre xéneros. En todas as sociedades existentes as mulleres traballan máis horas que os homes. Porén, perciben ingresos inferiores, e posúen un patrimonio moito máis pequeno.

AS MULLERES TRABALLAN MÁIS HORAS...

	Traballo de mercado	Traballo doméstico e de coidados	Tempo de traballo total
Mulleres	1 h 53 minutos	4 h 4 minutos	5 h 57 minutos
Homes	3 h 3 minutos	1 h 50 minutos	4 h 53 minutos
Tempo medio social diario	2 h 27 minutos	2 h 59 minutos	5 h 26 minutos

Fonte: Carrasco, Cristina: *La economía del cuidado: planteamiento actual y desafíos pendientes*, Revista de Economía Crítica, nº 11.

.....

- 9 <http://www.sinpermiso.info/textos/cambio-climatico-no-nos-quedan-mas-que-tres-anos-para-invertir-la-curva-entrevista>.

Docs 4

- 18 Finanzas, enerxía, terra, coidados, datos: Privados? Sociais? A economía no século XXI

Os datos da táboa anterior corresponden aos tempos medios de todas as mulleres e todos os homes, sen límite de idade, e sen ter en conta se teñen un traballo retribuído ou non, se están no paro ou non, se aínda estudan ou xa están na xubilación.

AS MULLERES RECIBEN INGRESOS MÁIS BAIXOS...

Salarios			Pensións de xubilación		
Mulleres	Homes	% M/H	Mulleres	Homes	% M/H
20.131€	25.924€	78%	800€	1.250€	64%

AS MULLERES OCUPAN MENOS POSTOS DE TRABALLO E SOFREN MÁIS TEMPORALIDADE...

Persoas con emprego (millóns)		Contratos a tempo parcial (millóns)	
Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
8,9	10,6	2	0,7

A Conta satélite do traballo doméstico recolle o tempo que as mulleres e os homes dedican ao traballo non retribuído realizado nos fogares e estima o seu valor de se pagar cos mesmos salarios do traballo de mercado. A Conta inclúe cinco actividades: 1) proporcionar aloxamento, 2) proporcionar comida, 3) proporcionar roupa, 4) proporcionar coidados e educación, 5) traballo voluntario.

QUEN PRODUCE O TRABALLO DOMÉSTICO NON RETRIBUÍDO?
(MILLÓNS €, GALIZA)

Mulleres	Homes	Total
70,2%	29,8%	100%
20.143	8.551	28.649

Para Nancy Fraser a economía capitalista é un subsistema dun sistema máis amplo, a sociedade. Así, a economía capitalista depende de condicións textuais «non económicas», entre elas, a reprodución social. O capital ignora o traballo de coidados, o traballo afectivo, de subxectivación que produce e forma os suxeitos humanos do capitalismo, o que constitúe unha contradición social na estrutura profunda da sociedade capitalista na fronteira entre produción e reprodución. Na época do capitalismo financeirizado e globalizado, o abandono estatal dos servizos públicos de benestar social crea unha organización dual da reprodución, mercantilizada para os que a poden pagar e privatizada para a maioría que non pode pagala. A nova norma das familias de dous provedores de salarios, en ausencia da existencia de servizos públicos relacionados coa reprodución e os coidados, e de redución da xornada de traballo, intensifica a contradición entre produción e reprodución social e leva á «pobreza de tempo», á «crise dos coidados» e a unha loita desesperada por transferir o traballo de coidados e ao desenvolvemento das «cadeas de coidados globais» que desprazan o déficit de coidados do Norte ao Sur. Aparecen movementos e loitas pola reprodución social con reivindicacións sobre vivenda, atención sanitaria, renda básica, sindicación dos traballadores e traballadoras dos servizos, redución do tempo de traballo, permisos de paternidade e maternidade, atención ás persoas dependentes, que expresan a necesidade dunha reorganización das relacións entre produción e reprodución: «O que fai falta, ante todo, é superar o voraz sometemento da reprodución á produción que ten lugar no capitalismo financeirizado, mais esta vez sen sacrificar nin a emancipación nin a protección social. Isto, á súa vez, esixe reinventar a distinción entre produción e reprodución e

Docs 4

reimaxinar a orde de xénero»¹⁰, unha reinvención dificilmente compatíbel coa orde do capital.

Unha terapia

Do diagnóstico que se expón na sección anterior dedúcese unha terapia. A propiedade colectiva e a xestión social dos principais medios de produción facilitarían afrontar as tres crises. Facilitar só quere dicir facer menos difíciles. Cada un dos tres desafíos expostos, desigualdade-explotación, crise ecolóxica, crise dos cuidados, esixirá políticas continuadas durante décadas. En especial, a adaptación do sistema económico aos límites físicos do planeta é un reto de dimensións difíciles de esaxerar.

A propiedade colectiva dos principais medios de produción e a xestión social da economía actuarían sobre as fontes da desigualdade:

- Eliminarían a acumulación de máis-valía, de traballo non retribuído na pequena elite capitalista.
- Suprimirían as fontes de captación de renda, o sistema financeiro deixaría de actuar como un aspirador de valor e unha política pública de vivenda accesíbel suprimiría as transferencias de renda das persoas traballadoras ás propietarias.
- Permitirían deseñar un sistema impositivo con obxectivos igualitarios.
- Por último, os principios de regulación da economía socialista deixaría de percibir o paro como un mecanismo de disciplina da forza de traballo, e converterían en obxectivos primordiais a diminución do tempo de traballo e a creación de emprego en actividades social e ecolóxicamente útiles. Estas liñas de actuación servirían, asemade, para combater a precariedade no traballo.

.....

10 Fraser, Nancy: *Las contradicciones del capital y los cuidados*, New Left Review, nº 100, setembro/outubro 2016.

Toda a produción social sería propiedade das traballadoras e traballadores, agás a parte que se dedicase a repor/transformar/alargar os medios de produción e as infraestruturas, e a destinada a servizos e prestacións sociais.

O socialismo non é necesariamente ecolóxico. Podemos imaxinar que as traballadoras e traballadores decidisen democraticamente aumentar a produción e o consumo sen teren en conta as consecuencias ecolóxicas. Porén, o socialismo faría un pouco menos difícil a transición dunha economía da creación continua de necesidades até unha economía que perseguise a satisfacción das necesidades básicas, reducindo o consumo de materiais e enerxía e minimizando a emisión de substancias contaminantes. Desaparecería a inercia capitalista de alargamento constante da capacidade produtiva na busca do máximo lucro. A instauración duns altos niveis de igualdade neutralizaría a emulación pola exhibición de bens e consumo inherentes ás sociedades de clases. A satisfacción polo consumo podería ser substituída polo aumento e goce do tempo libre fóra do proceso de produción.

O socialismo tampouco sería necesariamente feminista. Podemos imaxinar un socialismo patriarcal no que os traballadores homes se apropian do valor igualitariamente e relegan as mulleres ao traballo doméstico, reprodutivo e de coitados. Porén, o nivel de desenvolvemento do movemento e a conciencia feminista, fan moi improbable, case inimaxinábel, ese arranxo. Polo contrario, varias características da sociedade e a economía socialista semellan máis favorábeis que o dominio do capital ás políticas de emancipación da muller. Favorecería a creación de servizos públicos universais, gratuítos e de calidade para as crianzas de 0-3 anos, de atención ás persoas dependentes, comedores escolares e de empresa, campamentos para as crianzas nos períodos de vacacións, etc. Facilitaría a igualación da taxa de actividade da muller coa masculina no traballo retribuído e a redución do tempo de traballo retribuído tanto masculino como feminino, deixando máis tempo dispoñíbel para a vida persoal. Por último, o socialismo sería máis favorábel ao desenvolvemento de programas públicos e educa-

tivos para promover a participación dos homes nos traballos domésticos, de crianza e de coidados.


O capitalismo xa é social, a apropiación privada

O proceso de produción e distribución na moderna economía capitalista é un proceso cada vez máis socializado, no que participan milleiros de persoas investigadoras, millóns de traballadores e traballadoras nos cinco continentes e que necesita de enormes infraestruturas portuarias, de ferrocarril, de estradas e aeroportos, construídas mediante financiamento público. Porén, o valor producido, concéntrase en mans dunhas poucas persoas capitalistas extraordinariamente ricas.

Exemplo do carácter social da produción I: Apple

Os produtos de Apple non son o resultado do xenio dos fundadores –Steve Jobs, Steve Wozniak e Ronald Wayne–, senón o resultado do traballo conxunto de centos ou milleiros de investigadores e investigadoras nos Estados Unidos, Europa e Xapón. Traballo promovido, coordinado e financiado desde os Estados con diñeiro público e, en moitos casos, desde os exércitos. Os departamentos de investigación e deseño de Apple integran toda esa investigación altamente socializada en produtos de grande éxito comercial, mais non existirían sen o financiamento público e a investigación básica realizada en institucións públicas. En definitiva, carácter altamente socializado da investigación e carácter totalmente privado da apropiación de valor.

CADEA DE PRODUCCIÓN DE VALOR - APPLE



A mesma contradición maniféstase no proceso produtivo. Como se pode reflicte na gráfica anterior existe unha cadea mundial de produción que comeza con milleiros de traballadores e traballadoras que cobran salarios moi baixos e traballan xornadas prolongadas en países asiáticos e remata na apropiación de valor polas persoas accionistas e directivas. En 2018, Apple declarou uns beneficios de 59.530 millóns de dólares, sobre unhas vendas globais de 265.560 millóns. A finais do exercicio, Apple dispuña en tesouraría de 237 mil millóns de dólares, despois de gastar entre 2012 e 2018, 239 mil millóns en recomprar as súas accións para aumentar a cotización en bolsa¹¹; en total 476 mil millóns de dólares de traballo excedente procedente de centos de milleiros de persoas traballadoras repartidas nos cinco continentes.

Exemplos do carácter social da produción II: Walmart

Walmart foi, en 2018, a primeira empresa mundial por facturación, algo menos de medio billón de euros: 7 veces o PIB galego, case o 40% do PIB español. Esta empresa de distribución posúe máis de 11 mil establecementos nos que traballan 2,3 millóns de traballadoras. Walmart practica unha dura política antisindical, paga salarios baixos e moitas das súas traballadoras carecen de plans de pensións e protección sanitaria. Unha parte moi importante das vendas son produtos procedentes do Delta do río da Perla na China. Como no caso de Apple, un proceso de produción/distribución altamente socializado en que participan millóns de persoas en varios continentes, mais cunha apropiación do valor altamente concentrada persoal e especialmente. A familia Walton, a máis rica do mundo, posúe aproximadamente a metade das accións e un patrimonio de case 175 mil millóns de dólares. Os beneficios da empresa no último exercicio foron de 6.670 millóns de dólares. Correspóndelle á familia aproximadamente a metade, máis de 3.300

.....

11 El País de los Negocios, 2 de decembro de 2018.

Docs 4

24 Finanzas, enerxía, terra,
coidados, datos: Privados? Sociais?
A economía no século XXI

millóns de valor procedentes do traballo non retribuído de millóns de traballadores que, como se fluísen a través dun funil, se concentran en Bentonville (Arkansas), onde residen varios irmáns Walton.

Propiedade social para a produción que xa é social

O capitalismo de Apple, de Walmart; o capitalismo do téxtil: Inditex, H&M, C&A, etc.; o capitalismo dunha industria do automóbil que tende á concentración nun número moi reducido de empresas; é un capitalismo cada vez máis planificado, no que se analizan datos de vendas en tempo real, para axustar a produción á demanda, e no que se deciden con anos ou décadas de antelación os novos produtos que se van investigar, deseñar e producir. Este é, pois, un modelo de capitalismo planificado e socializado en altísimo grao, ao tempo que se conserva e intensifica a concentración da propiedade e a apropiación do valor: millóns investigan, deseñan, fabrican, venden para o lucro dunha minoría cada vez máis reducida. Esta realidade suscita a cuestión de se a propiedade, a xestión e a planificación públicas, sociais, colectivas, poden substituír a propiedade, a xestión e a planificación capitalistas. E isto é tanto como preguntarse pola posibilidade dunha sociedade socialista, aquí, en Europa, e agora, en 2019. E, xustamente, este é o debate que queremos reavivar.

A tecnoloxía que non nos vai salvar, a tecnoloxía que nos pode transformar

Margarita Mediavilla

**Profesora e membro do Grupo de Investigación
de Enerxía, Economía e Dinámica de Sistemas
da Universidad de Valladolid e vicepresidenta
do Consello Reitor de Ecogermen**

A pesar da abafadora cantidade de datos e estudos científicos que corroboran os graves problemas de insustentabilidade que vivimos, as solucións que se propoñen, a todos os niveis, seguen a ser extraordinariamente tímidas e lentas. Os temas ambientais, desgraciadamente, non adoitan ser considerados prioritarios e déixanse en segundo termo detrás de cuestións económicas ou sociais. Moi poucas persoas con representación política son capaces de ir máis alá da superficialidade e ver que moitos deses problemas socioeconómicos afunden as súas raíces na insustentabilidade da nosa sociedade e é, por tanto, inútil tentar resolvelos sen abordar á vez as cuestións ecolóxicas nun enfoque holista.

Docs 4

26 Finanzas, enerxía, terra,
coidados, datos: Privados? Sociais?
A economía no século XXI

A tecnoloxía é, probabelmente, o factor que máis nos «axuda» a manter esa artificial cegueira a respecto da relevancia da crise ecolóxica. O espectacular desenvolvemento tecnolóxico que vimos experimentando desde o século XVIII permitiu que os seres humanos deixemos de sentirmos como os nosos antepasados, a mercé da natureza e dos seus vaivéns, e indúcenos a crer que a tecnoloxía pode resolver todos os nosos problemas. Con todo, a nosa dependencia con respecto á natureza segue a ser practicamente a mesma, xa que todo o paraugas tecnolóxico está, en definitiva, construído con recursos naturais. A tecnoloxía é un proceso complexo no que interveñen non só coñecementos científicos, senón tamén materiais, infraestruturas, persoal cualificado e, sobre todo, a enerxía necesaria para alimentar todos eses elos.

A nosa industria, as nosas cidades, o noso transporte e a nosa agricultura deseñáronse pensando na enerxía fósil. Tamén a enorme extracción de minerais que actualmente realizamos foi posíbel pola enerxía abundante que permitiu explotar minerais con leis baixas (este tipo de minerarios noutros séculos non resultaban rendíbeis, xa que extraer elementos destes minerais require moita máis enerxía que facelo de minerarios con leis altas). Por iso é moi difícil que unicamente a tecnoloxía, e sobre todo esta tecnoloxía que deseñamos en épocas de recursos abundantes, sexa capaz de resolver por si soa os problemas de escaseza cos que agora nos enfrontamos.

Os límites dos combustíbeis fósiles e o feito de que se estean empezando a manifestar fenómenos de estancamento na súa produción (picos do petróleo, gas e carbón) cuestionan non só o noso actual modo de vida consumidor de bens superfluos, senón tamén o desenvolvemento tecnolóxico futuro, que non vai poder basearse nin nunha enerxía nin nuns minerais tan abundantes e baratos como os que gozamos ao longo do século XX.

A cuestión do petróleo

É complicado falar de crise enerxética e de problemas de escaseza cando nos atopamos nun contexto como o que vivimos

no ano 2015, co prezo do petróleo en continua caída. Aínda así, os datos de produción, os estudos científicos e as tendencias económicas e xeopolíticas que se están a ver desde 2006 son enormemente coherentes coas teses daquelas persoas que falan da importancia do declive enerxético na actual crise económica. Como di Antonio Turiel¹, é unha visión simplista propia do pensamento económico liberal pensar que o pico do petróleo deba traducirse en prezos permanentemente altos, xa que «para que o prezo se manteña permanentemente alto o petróleo ten que converterse nun artigo de luxo e deixar de ser o que é agora, é dicir, o motor da economía [...], durante certos períodos [o prezo] manterase demasiado alto, de maneira que danará a economía en xeral, e despois manterase demasiado baixo, danando as compañías produtoras».

Os datos de produción de petróleo xa mostran un certo estancamento no período 2005-2015, que medrou ao redor do 0,6% anual, mentres que no período 1985-2006 facíao a taxas próximas ao 2%, mais non existe un estancamento similar no consumo de gas natural e carbón (que continuaron a medrar a bo ritmo: 2,5% e 3%). O petróleo convencional (barato e de fácil extracción) alcanzou o seu máximo de produción no ano 2006 e os non convencionais (como os extraídos mediante fractura hidráulica ou as areas asfálticas, de peor calidade e enormemente contaminantes) apenas están a conseguir aumentar lixeiramente a produción. Practicamente todos os estudos coinciden en que antes de 2020 veremos un estancamento da produción de todo tipo de petróleos, seguido dun declive por volta de 2030 (véxase figura 2.A no capítulo 2).

A iso súmase o declive da calidade enerxética, xa que, ao explotarse petróleos de peor calidade, a taxa de retorno enerxético (o cociente entre a enerxía obtida e a empregada na extracción) está a diminuír. Os petróleos das areas asfálticas, por exemplo, posúen unha taxa de retorno enerxético de 3 ou 4, o que

.....

1 Antonio Turiel, «El rumor del peak oil»,
The Oil Crash, 15 de xaneiro de 2016.

quere dicir que, aínda que nas estatísticas non quede reflectido, o 25-33% da súa enerxía é consumida antes de saír do xacemento. Tendo en conta estas perdas, algunhas persoas consideran que a enerxía neta obtida do petróleo xa empezou a diminuír².

Este estancamento do consumo de petróleo non se explica por unha falta de demanda, xa que, se esta fose debida a unha crise económica, debería apreciarse en todos os combustíbeis. Tampouco se debe ao feito de que cambiasen os patróns de consumo (como o uso do automóbil) nin por substitución tecnolóxica (con vehículos eléctricos, por exemplo). A adaptación está a realizarse a base de destrución da demanda vía crise económica, que consegue que cada vez máis persoas non sexan capaces de pagar a gasolina para encher o depósito.

Diante destes feitos, podemos preguntarnos se a tecnoloxía vai ser capaz de proporcionarnos alternativas e as conclusións dos estudos que realizamos son claras³: non temos tempo. Existen colos de botella tecnolóxicos que van facer moi difícil superar con éxito o pico do petróleo, especialmente no sector do transporte, que depende practicamente ao 100% deste combustíbel. Todas as alternativas dispoñíbeis nesta década son insuficientes. Os biocombustíbeis, por exemplo, teñen uns rendementos moi escasos e necesitan enormes extensións de terra (se quixésemos mover todos os vehículos do mundo con eles, necesitaríamos máis do duplo das terras arábais do planeta). O rendimento da fotosíntese, ademais, é moi baixo (as plantas apenas almacenan o 1% da radiación solar) e iso pon un freo a todos os recursos relacionados coa biomasa (biocombustíbeis de segunda xeración, biogás, etcétera).

Outros posíbeis substitutos son os combustíbeis líquidos extraídos do gas natural, o carbón e subprodutos do refinado

.....

2 <http://crashoil.blogspot.com.es/2014/12/el-ocaso-del-petroleo-edicion-de-2014.html>.

3 Capellán-Pérez e cols., Agotamiento de los combustibles fósiles y escenarios socio-económicos: un enfoque integrado, http://www.eis.uva.es/energiasostenible/?page_id=2216.

do petróleo (son os coñecidos como *coal to liquids* ou *gas to liquids*, LPG, etcétera), mais baséanse en recursos limitados que xa teñen moitos usos. Ademais, o uso masivo do carbón como substituto do petróleo dispararía as emisións de CO₂ e conduciríanos a escenarios de cambio climático de dimensións catastróficas⁴.

Por outra banda, os vehículos híbridos non deixan de ser coches de gasolina máis eficientes, mentres que os coches eléctricos posúen unha escasa capacidade de acumulación. Actualmente, un coche eléctrico almacena 15 veces menos enerxía que un vehículo de gasolina de prestacións similares, o que causa unha mala relación prestacións-prezo.

Existen tecnoloxías en fase de desenvolvemento, como os combustíbeis extraídos de residuos ou de microalgas, os vehículos de hidróxeno e os coches eléctricos con baterías máis lixeiras, pero aínda non están no mercado e iso quere dicir que ou ben están a atopar limitacións técnico-económicas importantes, ou ben necesitan anos de desenvolvemento e, en consecuencia, non van chegar a tempo.

Carbón, gas e uranio

O gas natural e o carbón fornecen o 48% da enerxía primaria utilizada no mundo e as previsións falan de picos de extracción ao redor de 2030-2035 para o gas e a partir de 2050 para o carbón. Prevese que o uranio utilizado nos reactores de fisión nuclear comece a atopar o seu declive ao redor de 2050, o cal faría complicado conseguir combustíbel para unha segunda xeración de centrais que substitúa as actuais. Tentáronse desenvolver reactores de fisión que non requiren tanto uranio (os chamados de cuarta xeración), mais os resultados foron mediocres e actualmente non hai reactores deste tipo en construción. Tamén se investigou durante máis de corenta anos na enerxía nuclear de fusión, que usa como materia prima o hi-

.....

4 http://www.eis.uva.es/energiasostenible/wp-content/uploads/2015/05/AAM_More_growth_SS_2015.pdf.

dróxeno, mais os seus propios promotores non esperan reactores comerciais antes de 2040.

De todos os xeitos, a enerxía nuclear non vai desenvolverse a grande escala nos próximos anos, xa que a construción dos reactores require, polo menos, dez anos e actualmente non se están a construír suficientes para substituír os que chegarán ao fin da súa vida útil. O «renacer» nuclear parouse, en parte polo desastre de Fukushima e en parte porque as enerxías renovábeis están a resultar máis baratas.

As enerxías renovábeis postúlanse como as candidatas máis serias para substituír o declive das fósiles. Con todo, hai que ter en conta que son intermitentes (necesitan instalacións de apoio e sobredimensionado) e a maior parte só proporcionan enerxía en forma de calor ou electricidade, non en forma de combustíbeis (e o almacenamento de enerxía é complicado). As únicas enerxías renovábeis que actualmente proporcionan combustíbeis son as que se basean en recursos biolóxicos (biomasa, biocombustíbeis) e non deberíamos aumentar o seu uso porque os ecosistemas xa están a ser explotados a ritmos insustentábeis.

As renovábeis son enerxías dispersas e requiren grandes extensións de terreo. Conseguir, por exemplo, a enerxía eléctrica que actualmente está a consumir a humanidade con paneis fotovoltaicos (usando os rendementos actuais) necesitaría unha superficie similar á que ocupan a terceira parte das nosas infraestruturas. Iso supón un esforzo considerábel en termos de uso de materiais e terreo. Aumentar aínda máis o nivel de produción para substituír todos os combustíbeis fósiles suporía uns impactos e uns custos enormes. Antes de chegar a iso, probabelmente, reflexionaremos sobre se necesitamos tanta enerxía ou é máis sensato deseñar as nosas sociedades doutra forma.

A transición enerxética

Todos estes datos permítennos esbozar un panorama da transición enerxética que vai marcar o século XXI. Os síntomas de esgotamento dos combustíbeis fósiles están comezando a no-

tarse xa e fano sobre o recurso que ten substitutos máis complicados: o petróleo. Debido á debilidade das solucións tecnolóxicas, enfrontarse con éxito ao pico do petróleo vai requirir medidas que van moito máis alá do puramente técnico (fomento do aforro, transporte público, agroecoloxía, relocalización, etcétera). Se non somos capaces de encontrar nin substitutos técnicos nin medidas de aforro, é moi probábel que isto dane as nosas economías, xa que o transporte intervén en todos os procesos produtivos en maior ou menor medida.

Desde o punto de vista técnico, a situación da electricidade é algo mellor. De realizarse unha forte aposta polas enerxías renovábeis (ritmos que roldan o 20% anual), poderíase chegar a 2050 sen experimentar un descenso na enerxía eléctrica. A longo prazo, con todo, vai ser moi complicado conseguir substituír todos os usos (eléctricos e non eléctricos) con enerxías renovábeis, sobre todo se queremos manter niveis de consumo como os actuais. A ocupación de territorio, a cantidade de metais e infraestruturas e os investimentos que sería preciso realizar son de magnitudes formidábeis⁵.

É moi probábel que vaiamos cara a un mundo de baixa enerxía e o máis sensato sería tentar adaptarnos modificando a nosa forma de vida. Non necesitamos renovábeis para substituír toda a enerxía que agora usamos en calefacción ou en tractores: sabemos xa como deseñar vivendas que practicamente se quentan co sol e como cultivar sen arar a terra. Se se actúa sobre a fase de deseño con criterios como os utilizados na agroecoloxía ou na bioconstrución, pódense conseguir aforros enerxéticos notábeis, aínda que o cambio de mentalidade que estas tecnoloxías requiren é enorme.

A transición enerxética é tecnicamente posíbel, mais, desde o punto de vista sociolóxico, é enormemente difícil porque choca contra unhas inercias formidábeis e require unha

.....

- 5 Antonio García Olivares e col., «A global renewable mix with proven technologies and common materials», *Energy Policy*, 41 (2012), pp. 561-574.

Docs 4

lóxica completamente oposta á actual. Existen moitas relacións enerxía-economía-sociedade que nos poden facer entrar en espirais de degradación e, se non sabemos cortalas a tempo, farán imposíbel unha boa transición.

Por exemplo, se a escaseza de petróleo dana a economía, a demanda de electricidade descenderá e non será «necesario» investir en enerxías renovábeis até que o carbón escasee e entón será demasiado tarde (a reacción do Goberno español estes anos, boicoteando as renovábeis, casa perfectamente con esta lóxica). Por outra banda, unha economía débil fará máis difícil dedicar esforzo á investigación en enerxías renovábeis e tamén pode disparar a inestabilidade social facendo que triunfen gobernos autoritarios que aborten calquera intento de cambio cara a sociedades sustentábeis.

A transición enerxética require gobernos e cidadanías moi conscientes que sexan capaces de evitar estas dinámicas de degradación e investir na enerxía do futuro, aínda que os prazos de recuperación do investimento sexan altos e sexa preciso cambiar hábitos moi profundamente enraizados. Desgraciadamente, a experiencia destes anos non permite albergar demasiadas esperanzas a respecto diso. Fai xa dez anos que os datos mostran unha forte coherencia coas teorías do pico do petróleo e aínda non existe a máis mínima reacción institucional nin o problema calou sequera na opinión pública.

A maiores, hai que ter en conta que a crise enerxética non é a única. Enfrontámonos tamén co cambio climático, a perda de biodiversidade, chan fértil, bosques e pesqueiras e cun sistema económico que tende a crecer e a incrementar a desigualdade. Por iso, a crise enerxética está moi lonxe de poder ser solucionada unicamente con enerxías renovábeis, é preciso corrixir, primeiro, a insustentabilidade estrutural da nosa sociedade.

A tecnoloxía que nos pode transformar

Existen poucas cousas tan complicadas de predicir como o desenvolvemento tecnolóxico e é moi aventurado dicir as tecnoloxías que serán máis adecuadas para superar o declive fósil. Con todo, unha cousa podemos constatar: a nosa tecnoloxía

edificouse de costas aos principios de sustentabilidade e o que é insustentábel acaba por caer, porque medra a base de minar a súa propia base. Se queremos gozar de tecnoloxías «de futuro», debemos comezar a facelas realmente sustentábeis.

Unha tecnoloxía é sustentábel cando respecta, polo menos, tres normas básicas: uso de enerxías renovábeis, peche de ciclos materiais e acomodo aos ritmos do planeta.

A nosa tecnoloxía está aínda lonxe de basearse unicamente en enerxías renovábeis, pero aínda está máis lonxe de pechar os ciclos materiais, é dicir: reciclar todos os elementos a taxas próximas ao 100%. A reciclaxe é vital para non esgotar os minerais, xa que os elementos da codia terrestre son finitos e actualmente extraémolos de zonas de concentracións excepcionalmente altas (minas) e desbotámolos en vertedoiros onde se dispersan e mesturan. O descenso enerxético fará moito máis complicadas a extracción e a reciclaxe, xa que ambos os procesos son intensivos en enerxía. Ademais, unha vez que os elementos se dispersaron por baixo dun nivel ou se mesturaron de certas formas, vólvense practicamente irrecuperábeis.

Deberíamos deseñar unicamente aparellos que estean pensados para ser reparados, teñan unha vida útil longa e permitan que todos os elementos se reciclen. Ademais, sería preciso deseñar formas de produción e venda que non estimulen a obsolescencia. Isto é especialmente importante para algúns elementos moi escasos que, nos últimos anos, permitiron conseguir prestacións moi interesantes na electrónica e as enerxías renovábeis⁶. Teremos os minerais suficientes para manter Internet, as baterías dos vehículos eléctricos ou os complexos sistemas de control das redes eléctricas se seguimos tirando aos vertedoiros o litio, o platino, o xermanio, o vanadio e outros minerais escasos como facemos agora?

O terceiro requisito da sustentabilidade é o acomodo aos ritmos do planeta. Por moi baixo que sexa o impacto dunha

.....

6 Antonio Valero, Alicia Valero, «Thanatia: the Destiny of the Earth's Mineral Resources», World Scientific Publishing, 2015.

tecnoloxía, se o seu uso é desmesurado, vólvese insustentábel. A biomasa ou a enerxía eólica poden ser sustentábeis a unha escala razoábel, pero deixan de sê-lo se o seu uso é tan grande que chegan a causar deforestación, erosión ou mesmo interromper os ventos dominantes e cambiar o clima dunha rexión. A ecoloxía é a ciencia do equilibrio e é a harmonía entre as actividades humanas e as do resto do planeta a que nos di se somos sustentábeis ou non.

Aínda que a maior parte das nosas tecnoloxías non respecten estes tres requisitos, xa contamos con datos de experiencias que si o fan e conseguen resultados esperanzadores. Os rendementos enerxéticos da agroecoloxía a respecto da agricultura convencional, por exemplo, chegan a ser tres veces maiores⁷, mentres que a produción total de alimentos por hectárea pode ser maior. Con todo, as técnicas agroecolóxicas necesitan un substrato cultural que as permita funcionar. Non soamente é preciso deixar de usar insumos químicos, é necesario un coidado da terra que só pode facer un campesiñado ben formado, incentivado e ligado ao terreo. Isto mesmo, probablemente, podémolo extrapolar a todas as tecnoloxías: non só necesitamos deseñar vehículos ou vivendas sustentábeis, senón tamén cidades que permitan que sexan viábeis; non só necesitamos deseñar máquinas sustentábeis senón formas de comerciar que non estimulen a obsolescencia, etcétera.

Con todo, a pesar de que a mudanza tecnolóxica debe ir acompañada dunha mudanza social, non deberíamos tampouco subestimar a capacidade transformadora da propia tecnoloxía. Se hai algo que nestes momentos nos paraliza, é esa angustia de saber que a crise global require mudanzas radicais no sistema socioeconómico, pero, á vez, todas as nosas actividades cotiás dependen dese sistema insustentábel e inxusto.

.....

- 7 Emilio Santiago Muíño, Recopilación de estudos sobre el caso cubano. Opción Cero. Sostenibilidad y socialismo en la Cuba postsoviética: estudio de una transición sistémica ante el declive energético del siglo XXI, tesis doctoral, 2016 (p. 458).

Gran parte da parálise, o medo e a actitude de «avestruz» fronte aos problemas que vemos ao redor débense a que, simplemente, non sabemos vivir doutra maneira.

A acción política e a conciencia ecolóxica non son suficientes nestes momentos. Debemos tamén baixar ao plano material e construír unha economía sustentábel que cubra as necesidades básicas das persoas e evite que caian na marxina-ción e a desesperación. Prestar especial atención ao plano físico e ir construíndo, pouco a pouco, formas de alimentarnos, producir e vivir pouco dependentes da enerxía fósil pode converterse na brecha que permita que as enerxías contidas polo medo empecen a fluír e realicen a mudanza cara a esa sociedade máis xusta e sustentábel que tanto necesitamos.

Docs 4

36 Finanzas, enerxía, terra,
coidados, datos: Privados? Sociais?
A economía no século XXI

Propiedade da terra e soberanía alimentaria

Xoán Carlos Carreira Pérez

**Doutor e Enxeñeiro agrónomo, profesor
da Universidade de Santiago retirado**

Segundo un informe coordinado por Nuria del Viso para FUHEM Ecosocial (FUHEM Ecosocial, 2013) existe unha tendencia á realización de compras de terra a grande escala, sobre todo no terceiro mundo, pero tamén se dan casos de arrendamentos ou outros acordos económicos de longo prazo que dan lugar a agriculturas por contrato e contratos con supermercados, entre outras modalidades. Pódese dicir que o fenómeno do acaparamento de terras no mundo ten xa un alcance global e desenvólvese a un ritmo relativamente rápido.

Tamén se dá isto en Galiza? Existe acaparamento de terras en Galiza? A resposta máis inmediata e xeneralizada seguramente sería un NON bastante contundente.

Corbelle et al. (2016) indican que neste país existen máis de 11 millóns de parcelas e 1,6 millóns de propietarios e propietarias. A primeira vista, a propiedade da terra semella moi repartida en Galiza. Para o pensamento dominante e para algunhas persoas, mesmo demasiado repartida.



	% acumulado sobre o total de Galiza					
	Explotacións	Todas as terras	SAU	Terras labradas	Pastos permanentes	especies arbóreas forestais
Explotacións sin SAU	0,8%	0,9%	0,0%	0,0%	0,0%	3,8%
menos de 1 has e hortos familiares	10,6%	4,5%	4,4%	12,2%	0,3%	4,7%
menos de 2 has	36,6%	11,8%	8,3%	16,9%	3,8%	19,3%
menos de 5 has	63,5%	25,3%	17,9%	26,9%	13,2%	42,7%
menos de 10 has	76,7%	36,7%	28,8%	35,4%	25,3%	55,4%
menos de 20 has	88,5%	54,7%	47,9%	49,0%	47,3%	71,5%
menos de 30 has	94,3%	68,4%	64,1%	61,9%	65,2%	78,8%
menos de 50 has	97,9%	81,1%	79,8%	79,2%	80,2%	83,0%
menos de 100 has	99,6%	92,5%	93,0%	94,0%	92,5%	89,4%
mais de 100 has	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%

Táboa 1. Porcentaxe de explotacións de cada tipo que existen en Galiza e porcentaxe de terras que ocupan

Porén, hai que ter en conta como mínimo dúas cuestións.

A primeira é que esta repartición non é igualitaria de nos ater á cantidade de terra ou superficie que ten cada explotación ou cada tipo de explotación. Na táboa nº 1 pode verse o número de explotacións de cada tipo e as terras que ocupan expresado en porcentaxe a respecto do total de cada columna.

Como resumo, podemos extraer as seguintes conclusións. As explotacións de menos de 10 has representan aproximadamente o 77% do total das explotacións pero só ocupan o 37% das terras e o 29% da Superficie Agraria Utilizada (SAU). Pola contra, as explotacións de máis de 30 has representan menos do 6% do total das explotacións pero ocupan tamén aproximadamente o 32% das terras e o 36% da SAU.

A segunda cuestión é que en Galiza existen movementos de acaparamento de terras puntuais pero importantes que cómpre non esquecer. Sobre todo en dous sectores: a minaría e as plantacións forestais.

Docs 4

- 38** Finanzas, enerxía, terra, coidados, datos: Privados? Sociais?
A economía no século XXI



Foto tomada de «Praza Pública», 14-04-2013

En relación coa minaría, hai que ter en conta que, segundo unha información de María Fernández (2012), as concesións mineiras ocupaban preto do 5% do territorio galego no ano 2010 e os permisos de investigación poderían estar afectando xa á metade da superficie do país.

Con respecto ás plantacións forestais hai que salientar que a expansión das plantacións con árbores de crecemento rápido (fundamentalmente piñeiro e eucalipto), a xuízo de FUEM-ecosocial (2013), tamén forman parte do actual proceso de acaparamento de terras, aínda que moitas veces se pasa por alto.

A Coordinadora Europea da Vía Campesíña (2016) define o acaparamento de terras como «o control -ben sexa a través da titularidade, o arrendamento, a concesión, os contratos, as cotas ou o poder xeral de cantidades de terra máis grandes do que localmente é normal-, por unha persoa ou entidades -públicas ou privadas, estranxeiras ou nacionais-, por calquera medio -«legal» ou «ilegal»-, con fins especulativos, de extracción, de control dos recursos ou mercantilización á custa do campesiñado, da agroecoloxía, da administración de terras, da soberanía alimentaria e dos dereitos humanos». Podemos dicir que o acaparamento de terras ten moitas caras ou que se utilizan diferentes mecanismos para levalo a cabo.

Se cadra por iso, distintas autoras e autores consideran que non é suficiente enfocar o fenómeno do acaparamento de terras unicamente desde a perspectiva da propiedade legal e consideran que é mellor enfocalo desde a perspectiva do control do uso das terras. Así, Nuria del Viso (2013) indica que, nalgúns procesos de acaparamento, as campesiñas e campesiños conservan a propiedade legal das súas terras pero deixan de ter o control de forma efectiva sobre o uso que se lle dá ás mesmas.

Marta Harnecker (1976), xa hai arredor de corenta anos, indicaba que había que distinguir entre a propiedade xurídica e a propiedade real dos medios de produción. Para esta autora só existe propiedade real dos medios de produción cando conflúen nas mesmas mans a propiedade legal e, ademais, a capacidade para decidir como organizar estes medios de produción e tamén a capacidade para controlar os produtos que se obteñen con eles.

Así pois, se analizamos este fenómeno baixo a perspectiva do control do uso da terra, a resposta á pregunta inicial de se se dá en Galiza acaparamento de terras, xa non pode ser tan contundentemente negativa.



Docs 4

40 Finanzas, enerxía, terra,
coidados, datos: Privados? Sociais?
A economía no século XXI





Gráfico nº 1: tomado de Soto Fernández, 2015

Porque, desde o meu punto de vista, en Galiza existe unha concentración de usos da terra orixinado, entre outras causas, polo feito de que as labregas e labregos están desposuídas da propiedade real das súas terras, entendida como a capacidade de decidir precisamente sobre o uso que se lle dá ás mesmas.

A esta concentración de usos contribúen distintos factores. En primeiro lugar, o sistema agro-forestal galego está sufrindo unha especialización produtiva imposta desde o exterior. Soto Fernández (2015) indica que, nas últimas décadas, o peso da produción de madeira de Galiza no conxunto do Estado español aumentou considerabelmente e ofrécenos o gráfico nº 1, onde se poden comprobar os incrementos tan significativos, mesmo espectaculares nalgúns casos, que teñen experimentado en Galiza as cortas de coníferas, e sobre todo de eucalipto, nun período que podíamos asimilar aos últimos cincuenta anos.



	Número de empresas	% respecto da superficie total de cultivos forraxeiros, prados e pasteiros	% sobre superficie produtiva agraria e forestal total
Superficie dedicada a cultivos forraxeiros, prados e pasteiros	3	19% aproximadamente	5% aproximadamente
	5	26% aproximadamente	6% aproximadamente
Superficie forestal arborizada dedicada ao eucalipto	1		entre 7% e 9%
Estimación aproximada da superficie acaparada para a produción de leite e eucalipto	4		entre 11% e 15%

Táboa 2. Porcentaxe de superficie na que a produción está destinada a subministrar a un reducido número de empresas



Fig. 1

O mesmo autor considera que a conversión de Galiza nun territorio que ten ocupadas as dúas terceiras partes do mesmo con terreo considerado forestal non se pode entender de xei-

Docs 4

42 Finanzas, enerxía, terra, coidados, datos: Privados? Sociais?
A economía no século XXI

to illado e á marxe dos custes socioeconómicos e ambientais do proceso de industrialización agraria. Para Soto Fernández (2015) a forestación do país e o modelo de produción industrial na gandaría son en realidade as dúas caras da mesma moeda, do mesmo modelo ou do mesmo proceso (como se queira dicir) que foi o que seguiu o sistema agro-forestal galego nas últimas décadas. A min paréceme unha conclusión brillante, nova e que hai que ter moi en conta.

As cortas totais de eucalipto en Galiza pasaron de representar o 15% do total español no ano 1960 a representar o 69% no ano 2012. As cortas de coníferas incrementáronse do 26% ao 48% no mesmo período.

A especialización na produción de leite sería un exemplo da outra cara do modelo. No ano 2016, a produción galega chegou a ser o 37,6% do total español. Pódese considerar que en Galiza só se podería consumir entre o 18% e o 20% do leite producido aquí, o que significa que o noso sector lácteo está orientado de xeito moi maioritario a cubrir necesidades alleas a Galiza.

Outro factor que inflúe na concentración de usos é a concentración de demanda dos produtos en moi poucas empresas.

Como se pode ver na táboa nº 2, case a quinta parte da superficie total de cultivos forraxeiros, prados e pasteiros que existe neste país está producindo só para tres empresas. Tamén se pode comprobar que a produción dunha porcentaxe significativa de toda a superficie produtiva agraria e forestal de Galiza, unha porcentaxe que pode oscilar entre o 11% e o 15%, está sendo acaparada só por catro empresas.



A concentración da demanda leva á concentración no tipo de produtos que se ofrecen por parte dos labregos e labregas e polo tanto, necesariamente, a unha concentración do uso das terras que acaban por destinarse a producir unicamente o que demanda este reducido grupo de empresas.

Tamén inflúe na concentración de usos o abandono da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico, incluída a maquinaria, para todo aquilo que non forme parte do monocultivo exportador. Isto non permite desenvolver as técnicas e a maquinaria axeitada para traballar as pequenas leiras que caracterizan o noso territorio (Figura nº 1), configurando un sistema que podemos considerar como unha auténtica agricultura de precisión que historicamente ten demostrado ser unha das máis produtivas de Europa (Pérez García, 1979).

Un aspecto que contribúe á concentración é a extensión de usos ás leiras lindeiras. As plantacións de eucaliptos ou piñeiros van arrodeando as leiras que non os plantan até facer moi difícil que estas se dediquen a calquera outro cultivo ou aproveitamento. Así, as leiras inicialmente «resistentes» acaban plantando o mesmo que as que teñen derredor.

Aínda que non sexa tan evidente, algo semellante ocorre cos cultivos forraxeiros. Para as empresas de servizos e cooperativas é moi útil que todas as terras ocupadas con cultivos forraxeiros estean o máis próximas posíbel entre elas porque desta maneira son máis rendíbeis os labores de cultivo e de colleita que lle encomendan as propietarias e propietarios das mesmas. E iso fai que o territorio se vaia inzando de leiras ocupadas polo millo forraxeiro, como se dun quebracabezas se tratase.

Outro factor que contribúe á concentración de usos é a demanda de terras por parte das explotacións gandeiras máis grandes. A proposta de que se aumente a base territorial das explotacións ten moitos apoios. Mais, como é lóxico, a necesidade de terras non é a mesma para os distintos tipos de explotacións nin para as diferentes orientacións produtivas. Así, por exemplo, as explotacións de horta ou mesmo a viticultura apenas utilizan terra allea. Porén, no caso das explotacións de vacún, sobre todo de leite, o uso de terra arrendada aumenta

claramente co tamaño da explotación, chegando a representar, no caso das explotacións máis grandes, case a metade das terras que son xestionadas polas mesmas. Consideramos que para a produción gandeira galega se están utilizando fóra de Galiza entre 258.000 e 315.000 has que son fundamentalmente onde se cultivan a maioría dos produtos necesarios para fabricar os concentrados con que se alimentan as vacas deste país (Figura nº 2).




Fig. 2

De querermos manter o mesmo sistema produtivo co mesmo número de cabezas de gando pero usando só as terras existentes en Galiza, o incremento da base territorial das explotacións sería case unha obriga. Pódese estimar que as explotacións de leite necesitarían dispor entre 367.000 e 417.000 has de Superficie Agraria Utilizada (SAU), que representa entre o 59% e o 67% de toda a SAU que existe neste país. Se falamos do conxunto das explotacións de gando vacún é posíbel que estas explotacións necesitasen dispor dunhas 670.000 has aproximadamente de Superficie Agraria Utilizada (SAU), que é practicamente toda a que temos dispoñíbel en Galiza nestes momentos (Figura nº 3). Certo é que, para este incremento

da base territorial, se poderían utilizar terras que actualmente non forman parte da SAU, que están ocupadas, por exemplo, polo mato ou mesmo plantacións forestais. Aínda así, en calquera caso, estaríamos diante dun proceso xeneralizado de acaparamento de terras.




Fig. 3



Así pois, a proposta de aumentar a base territorial das explotacións pódese facer con distintos obxectivos e desde estratexias moi diferentes. No modelo produtivo que maioritariamente se ten como exemplo na actualidade, poderíamos estar falando de acaparar practicamente toda a Superficie Agraria Utilizada (SAU) do país para as explotacións gandeiras, maioritariamente para as de produción de leite. E isto non estaría xustificado polo obxectivo de cubrir as necesidades de alimentación da poboación galega, neste caso de carne e leite, senón que estarán xustificadas fundamentalmente polo obxectivo de nutrir as exportacións destinadas a cubrir necesidades alleas. Pola contra, se a proposta de aumentar a base territorial das

Docs 4

46 Finanzas, enerxía, terra,
coidados, datos: Privados? Sociais?
A economía no século XXI



explotacións se formula dentro dunha estratexia axeitada de extensificación pode supor o impulso a unha produción gandeira con recursos propios, máis ligada á terra, máis eficiente e máis respectuosa co medio.

As cooperativas, primeiros compradores e empresas de servizos para o caso do leite; as cadeas integradoras na gandaría industrial e as empresas de servizos na produción forestal inflúen de maneira decisiva, e a través de distintos mecanismos, nas características daquilo que se produce e tamén como se produce, que se cadra é tan importante. E, como consecuencia, teñen moita capacidade de influencia nas decisións sobre os usos aos que se van destinar as terras.

Pódese resumir dicindo que, por causa destes mecanismos, a capacidade de decisión das labregas e labregos sobre o proceso de traballo, a organización dos medios de produción, o manexo e o sistema técnico-productivo está moi limitada ou mesmo, nalgúns casos, practicamente anulada. Como consecuencia, a capacidade de decisión das labregas e labregos sobre o uso que se lle dá á súa terra queda tamén moi limitada.

As políticas agrarias tamén contribúen á concentración de usos. As directrices de política agraria céntranse na agricultura, na gandaría e na silvicultura chamadas profesionais. En consecuencia, tal como vimos anteriormente, nos últimos anos estas directrices de política agraria teñen contribuído ás repoboacións masivas con eucaliptos e piñeiros ao tempo que están conducindo a unha especie de monocultivo do leite. Tanto nun caso como noutro con destino á exportación. Esta é a realidade. Ou-

tra cuestión é que haxa poderes públicos ou económicos e mesmo persoas que estean conformes con esta realidade ou que estean de acordo con este modelo. Eu non o estou.

Como atinadamente indica Ben White: «o actual debate sobre o acaparamento de terras é, de feito, un debate sobre a forma que vai adoptar a agricultura e o destino das poboacións rurais no futuro» (White, 2012, páx. 16). Por iso cómpre enmarcalo dentro dun debate moito máis amplo sobre o modelo agrario de Galiza que aínda está pendente de se dar en toda a súa profundidade e en toda a súa amplitude, máis aló dos encomiábeis intentos e esforzos dalgunhas organizacións sindicais, políticas ou ecoloxistas e tamén dalgún sector de xente nova.

Concluímós, pois, esta primeira parte dedicada ao acaparamento de terras dicindo que en Galiza non existe unha concentración da propiedade legal de terras de grande importancia, pero danse dous fenómenos moi preocupantes: unha concentración de usos e un acaparamento das producións. Tanto nun caso como noutro son altamente significativos. Pódese dicir que estes dous fenómenos, neste caso si, teñen bastante ou moita importancia. E os dous están relacionados co sistema produtivo e o modelo agrario dominante.

No conxunto de Galiza, os cultivos forestais arborizados e os destinados á alimentación animal ocupan o 93% da superficie destinada á produción agraria e/ou forestal. Dito doutra maneira, a produción do 93% de toda a superficie agraria e forestal do país está destinada a cubrir necesidades alleas a Galiza a través de monocultivos exportadores. Desta maneira vemos como se interrelacionan o fenómeno do acaparamento de terras ou de concentracións de usos e a soberanía alimentaria.

A Vía Campesina define a soberanía alimentaria como «o dereito dos pobos, dos seus países ou unións de estados a definir a súa política agraria e alimentaria, sen dumping fronte a países terceiros» (Vía Campesina, 2003). Sen entrar máis en profundidade nesta definición quero aclarar dúas cuestións.

Desde o meu punto de vista, soberanía alimentaria non é sinónimo de autarquía como moitas veces se nos quere facer



crer de xeito interesado. A autarquía pretende abastecer a poboación dun país unicamente co que se produce dentro das súas fronteiras. A soberanía alimentaria dálle prioridade tamén ás producións destinadas a cubrir as necesidades da poboación do seu país pero considera que poden ser posibles, ou mesmo necesarios, intercambios con outros países, sempre que se dean dentro do contexto dun comercio internacional xusto.

A soberanía alimentaria tampouco é sinónimo de seguridade alimentaria. A seguridade alimentaria formula un obxectivo moi loábel: que todas as persoas, en todo momento, teñan acceso físico e económico a suficiente alimento, seguro e nutritivo. Pero non di como conseguilo. Esa indefinición abre a porta a que se presente a agricultura industrial como a alternativa para alcanzalo. A soberanía alimentaria persegue o mesmo obxectivo pero, ademais, pon sobre a mesa ou formula propostas concretas para poder conseguilo a través da agricultura labrega e da agro-ecoloxía.

Cal é a situación de Galiza desde a perspectiva da soberanía alimentaria? A táboa nº 3 permítenos dar unha primeira

ollada. Antes de nada cómpre aclarar que os datos son aproximados, necesariamente aproximados. Así que esta táboa hai que tomala como o que é: unha primeira aproximación á situación que, non obstante, permite sacar xa algunhas conclusións interesantes.

Grupos de cultivos	superficie dispoñíbel	superficie necesaria	balance
Cereais gran	20.987	40.500	-19.513
patacas	17.755	4.776	12.979
cultivos horticolas	4.072	4.568	-496
conxunto de terras dedicadas a patacas, cultivos horticolas e leguminosas gran	22.846	16.733	6.113
Froitas non cítricas que se producen ou poden producir no país	6.679	8.929	-2.250
Cítricos	192	3.026	-2.834
Castiñeiro	10.810	2.774	8.036
Viñedo	27.115	8.643	18.472
Cultivos forraxeiros	225.109	30.367	194.742
Prados e pasteiros	442.641	25.242	417.399
Conxunto de terras dedicadas a cultivos forraxeiros, prados e pasteiros	667.750	55.593	612.157

Táboa 3. Balance entre a superficie actualmente dispoñíbel en Galiza para unha serie de cultivos (ou grupos de cultivos) e a estimación da superficie necesaria para cubrir o consumo do total da poboación do país.

Globalmente, Galiza dispón de aproximadamente 625.000 has de Superficie Agrícola Utilizada (SAU) máis das que serían precisas para cubrir as necesidades do país. Pero este balance global positivo pode que non deixe ver que a situación de cada grupo de cultivos é diferente. Obsérvase que existen cultivos ou aproveitamentos que, efectivamente, na actualidade utilizan máis superficie da que sería precisa para cubrir as necesidades de Galiza. Coinciden, loxicamente, coas producións comerciais e sobre todo coas producións comerciais destinadas prioritariamente á exportación. Destaca o caso dos cultivos destinados á alimentación do gando herbívoro. O conxunto de terras destinadas a cultivos forraxeiros, prados e pasteiros ocupan arredor de 600.000 has máis das que serían estritamente necesarias para alimentar os animais que cubran todo o consumo de carne e leite do conxunto da poboación.

Docs 4

50 Finanzas, enerxía, terra, coidados, datos: Privados? Sociais?
A economía no século XXI

ción deste país. No caso das patacas, estas ocupan case 13.000 has máis das que serían estritamente necesarias para autoabastecer deste alimento a totalidade da poboación galega.

Pola contra, obsérvase que, no caso dalgúns cultivos, a superficie de que dispoñen actualmente é inferior á que sería precisa para cubrir as necesidades do país. Entre eles destaca o caso dos cereais de gran que precisarían dispor de preto de 20.000 has a maiores para ser capaces de cubrir as necesidades deste tipo de produtos en Galiza. As froitas necesitarían arredor de 5.000 has máis. Os cultivos de horta amosan un pequeno déficit, polo que podemos considerar que existe equilibrio entre a superficie actualmente dispoñíbel para estes cultivos e a necesaria para cubrir a totalidade de consumo destes produtos hortícolas por parte da poboación galega.

Hai que ter en conta que nalgúns casos, fundamentalmente nas froitas e hortalizas, sempre haberá produtos dos que non nos poidamos autoabastecer por distintos motivos: ben porque non se poden cultivar en Galiza, ben porque só se poden cultivar en zonas moi restrinxidas e/ou con moi baixos rendementos, ben porque se consumen fóra das temporadas de produción no país, ben por outros motivos. En casos como estes é cando pode ter sentido estudar a posibilidade de intercambios con outras zonas produtoras.

Tamén hai que ter en conta que as necesidades son cambiantes. Dependen de moitas variábeis. En concreto, dependen en gran medida do sistema de produción seguido e dos hábitos de consumo. Así, por exemplo, no caso de que se modificara o sistema de produción das explotacións de gando vacún, sobre todo no vacún de leite, de cara a outro sistema máis extensivo probabelmente sería case imprescindible diminuír a carga gandeira ou, o que é o mesmo, aumentar a ratio actual de cultivos forraxeiros, prados e pasteiros por cabeza e, se cadra, habería que pór riba da mesa a posibilidade ou mesmo a necesidade de reducir a produción. En todo caso, non debería haber ningún problema para aplicar unha estratexia de extensificación, sempre que realmente houberse vontade de facelo, xa que, como vemos na táboa nº 3, existe unha marxe enorme

para incrementar a superficie de cultivos forraxeiros, prados e pasteiros destinada a cubrir as necesidades do país.

Os hábitos de consumo tamén son cambiantes. Poden mudar ao longo do tempo e tamén con circunstancias concretas. Distintas autoras e autores como Winograd (2012), organizacións como ConsumoResponsable e tamén, en certa maneira, o propio Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (2017) consideran necesario modificar estes hábitos cara a un maior consumo de produtos locais e de tempada. Por exemplo, no caso de que houbese un cambio de hábitos dirixido a consumir menos froitas tropicais, exóticas ou mediterráneas e menos produtos hortícolas fóra de tempada, probablemente repercutiría nun aumento de consumo das froitas e hortalizas do país. Isto implica que sería preciso dedicar a estes aproveitamentos maior superficie da que temos estimada. Dadas as marxes que temos visto na táboa nº 3, non semella que isto sexa un reto demasiado difícil no caso de querer asumilo, mais sería preciso analízalo máis polo miúdo.

Un aspecto importante a ter en conta é o papel que cada tipo de explotacións xoga con relación á soberanía alimentaria.

Particularmente interesante é analizar o papel dunha produción que, se cadra por ser maioritariamente froito do traballo das mulleres, permanece invisíbel para unha gran parte da economía, da política, da ciencia, da academia, da técnica, dos medios de comunicación e da opinión pública: a produción das chamadas hortas familiares e a que se coñece como «autoconsumo».

Pois ben, esta produción que, como dixeran, é invisíbel aos ollos de gran parte da sociedade, ten unha importancia fundamental. En Galiza, as hortas familiares e as explotacións de menos de 10 has obteñen o 63% dos alimentos para consumo humano directo ocupando só o 29% da SAU.

Para afondar nesta afirmación podemos analizar a táboa nº 4 onde se recolle a porcentaxe da poboación de Galiza potencialmente autoabastecida pola produción das hortas familiares.

grupo ou grupos de cultivos	Porcentaxe da poboación galega autoabastecida pola produción das hortas familiares	grupo ou grupos de cultivos	Porcentaxe da poboación galega autoabastecida pola produción das hortas familiares
Patacas	Entre 68 % e 101 %	cultivos de horta	
Trigo e Centeo	Entre 2 % e 6 %	Feixóns verde	Entre 121 % e 217 %
Viña	entre 9% e 15 %	Repolo	Entre 107 % e 139 %
froita		Tomate	Entre 81 % e 125 %
Mazás	Entre 119 % e 191 %	Cebola	Entre 75 % e 85 %
Cereixas e guindas	Entre 54 % e 95%	Leituga	entre 49% e 72 %
Ameixas	Entre 19 % e 97 %	Pemento	Entre 42 % e 64 %
Kiwi	Entre 32 % e 60 %	Cenoria	Entre 21 % e 34 %
Peras	Entre 30 % e 47%		
Pexegos e nectarinas	Entre 17 % e 35 %		
Fresa-fresón	Entre 5% e 6 %		

Táboa 4. Porcentaxe de poboación de Galiza potencialmente autoabastecida pola produción das hortas familiares

Algúns datos poden parecer non só sorprendentes senón incríbeis, pero teñen explicación. En primeiro lugar, algunha destas producións poden estragarse. Este é o caso evidente das mazás. Calquera persoa pode observar no outono como se perden no chan baixo das maceiras.

Outra explicación é que o sistema produtivo tradicional, que aínda se mantén en moitas casas, é un sistema que obtén producións ambivalentes que serven para alimentar indistintamente persoas e animais, conformando un modelo tremendamente eficiente. Non se perde practicamente ningunha produción, pois aquela que non é axeitada para o consumo humano e/ou aquela que sobra utilízase para darlle de comer aos pequenos animais que posteriormente serven tamén para nutrir de alimentos a dieta familiar (carne, ovos...). Precisamente evitar o enorme desperdicio de alimentos comestíbeis (que en Europa oscila entre o 30% e o 50%) empeza a ser hoxe unha importante preocupación para gobernos de distintos países.

Tamén haberá quen poida pensar como son posíbeis estes datos se Galiza ten un balance agroalimentario negativo (Carreira Pérez e Carral Vilariño, 2014). Pero iso é debido a varias causas. En primeiro lugar, aquí faise un balance sobre aquilo que se pode producir en Galiza, pero o balance agroalimentario refírese ao total de consumo. En segundo lugar, aquí

os balances fanse en unidades físicas (quilo, litro, tonelada ou hectárea) mentres que o balance agroalimentario faise en unidades monetarias (euros). En terceiro lugar, en relación co anterior, é probábel que o prezo dos produtos que importamos a Galiza sexa máis elevado que o prezo dos produtos que exportamos desde Galiza.

Finalmente pode que exista tamén algunha deficiencia nas estatísticas. Non estou seguro, pero do que si estou seguro é de que, en moitas ocasións, practicamente sempre, estanse utilizando estatísticas que contabilizan menos superficie produtiva da que realmente existe en Galiza. Hai que lembrar que a partir do último censo agrario do ano 2009 (INE, 2009) non se censan unha gran parte das explotacións de menos dunha hectárea. Por outra banda, a *Encuesta sobre la estructura de las explotaciones agrícolas* do ano 2016 (INE, 2016) contabiliza 173.000 has de terras labradas menos que as que contabiliza a *Encuesta de Superficies y Rendimientos de Cultivos (ESYRCE)* do mesmo ano (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación 2016). Esta última semella máis fiábel. En todo caso, aínda que os datos poidan variar un pouco, as conclusións non varían substancialmente.

Analizado baixo outra perspectiva, o feito de que en Galiza exista un balance agroalimentario negativo tendo as posibilidades de autoabastecemento que acabamos de ver, aínda que só sexan nunha primeira aproximación, é un síntoma evidente de que o modelo agrario que temos é manifestamente mellorábel. Despois de anos especializándonos na produción gandeira e forestal, fundamentalmente no monocultivo do leite e do eucalipto, a realidade a día de hoxe é que a agricultura comercial deste país non é capaz de cubrir as necesidades de alimentación da poboación galega. Pódese dicir que nin sequera é capaz de aproximarse a conseguilo. Isto, en realidade, non deixa de ser o habitual nas economías dependentes ou coloniais que dedican a súa produción agraria aos monocultivos exportadores. De non existir a pequena agricultura familiar (incluída a agricultura periurbana e/ou a de tempo parcial), que produce fundamentalmente para alimentar a poboación galega máis

próxima, moitas veces mediante o autoconsumo e o comercio local, a nosa situación desde o punto de vista da soberanía alimentaria sería catastrófica. Porén, grazas a estas pequenas explotacións, para as cales ao mellor deberíamos recuperar o concepto e a denominación de casas de labranza, a situación semella non ser tan mala. Mesmo podería ser un bo punto de partida en caso de que desde as instancias económicas e, sobre todo, desde as instancias políticas se marcasse como obxectivo o de aproximarse á soberanía alimentaria e ao máximo autoabastecemento a través da comercialización local.

Dada a amplitude das demandas e propostas neste sentido e a cantidade de persoas adeptas que están conseguindo, non sería descartábel que estes obxectivos se chegasen a converter nuns dos máis importantes para a agricultura mundial neste século XXI. Por iso, desde o meu punto de vista, é imprescindible un debate o máis amplo e profundo posíbel sobre o acaparamento de terras ou a concentración de usos, sobre a soberanía alimentaria e sobre o comercio de proximidade, tanto desde unha perspectiva xeral como desde a perspectiva concreta de Galiza. Aquí o que se pretendeu foi achegar algúns datos, até onde é posíbel e coa obxectividade que permiten as posicións previas ao respecto, que tampouco se queren ocultar, coa esperanza de que poidan ser de utilidade neste debate.

Bibliografía

- Carreira Pérez, X. C. e Carral Vilariño, E. (2014): O pequeno é grande. A agricultura familiar como alternativa: O caso galego. Santiago de Compostela: Através Editora/AGAL.
- Consumoresponsible.org: «Criterios para un consumo responsable». En <https://www.consumoresponsible.org/>
- Coordinadora europea de Via Campesina (2016): ¿Cómo definimos Acaparamiento de tierras? En <https://www.eurovia.org/es/como-definimos-acaparamiento-de-tierras/>
- Corbelle Rico, E.; Enríquez García, M.J.; Onega López, F.; Crecente Maseda, R. (2016): Un enorme bazar. O mercado de terras en Galicia. ISBN: 978-84-16533-77-0. Universidade de Santiago de Compostela.
- Fernández, M. (2012): «El 5% del territorio gallego está en manos de explotaciones mineras». El País, 16-05-2012. En https://elpais.com/ccaa/2012/05/16/galicia/1337201095_212508.html
- FUHEM Ecosocial (2013): El acaparamiento global de tierras. Guía básica. Programa de Justicia Agraria de TNI. Coordinación e tradución: Nuria del Viso. En https://www.fuhem.es/media/cdv/file/biblioteca/Analisis/2013/El-acaparamiento-de-tierras_Guia-basica_junio2013.pdf
- Harnecker, M. (1976): Los conceptos elementales del materialismo histórico. S.A. .ISBN: 84-323-0101-1976. Siglo XXI Ediciones.
- Instituto Nacional de Estadística (INE) (2009): Censo Agrario 2009. Metodología. En https://www.ine.es/daco/daco42/agricultura/meto_censoag09.pdf
- Instituto Nacional de Estadística (INE) (2016): «Encuesta sobre la estructura de las explotaciones agrícolas». En https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736176854&menu=ultiDatos&idp=1254735727106
- Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (2016): «Encuesta sobre Superficies y Rendimientos de Cultivos (ESYRCE)». En https://www.mapa.gob.es/es/estadistica/temas/estadisticas-agrarias/boletin2016_tcm30-420513.pdf
- Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente (2017): «El Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente promociona el consumo de frutas de temporada». En <http://www.alimentacion.es/es/campanas/frutas/frutas-y-verduras-de-temporada-en-beneficio-de-todos-no-las-dejes-pasar/default.aspx>

–Pérez García, J. M. (1979): Un modelo de sociedad rural de antiguo régimen en la Galicia costera: la Península del Salnés (jurisdicción de La Lanzada). Tese doutoral, Santiago de Compostela.

–Soto Fernández, D. (2015) : Del manejo multifuncional del territorio a la desarticulación productiva: cambios en los flujos de biomasa durante el proceso de industrialización de la agricultura gallega (1960-2012). DT-SEHA 1505 . ISSN: 2386-7825. Sociedad Española de Historia Agraria - Documentos de Trabajo . En <http://repositori.uji.es/xmlui/bitstream/handle/10234/138698/DT-SEHA%201505.pdf?sequence=1&isAllowed=y>

–Via Campesina (2003): Qué es la soberanía alimentaria. En <https://viacampesina.org/es/que-es-la-soberania-alimentaria/>

–White, B. (2012): «Transacciones de tierras, desposesión y el futuro de la agricultura». En Acaparamiento de tierras, el nuevo expolio. Madrid, Centro de Investigación para la Paz (CIP-Ecosocial). En <https://studylib.es/doc/4675141/acaparamiento-de-tierras--el-nuevo-expolio>

–Winograd, M. (2012): «Promoción del consumo de productos generados en la horticultura periurbana». En: Manual de horticultura periurbana (Mitidieri, M.; Corbino, G.; eds.). Buenos Aires, Instituto Nacional de Tecnología Agropecuaria.

A luta pela terra no Brasil e no mundo

Marina dos Santos

Membro da Direção Nacional do Movimento dos Trabalhadores Rurais Sem Terra do Brasil (MST)⁸

Em nome do Movimento dos Sem Terra (MST) quero agradecer à deputada Lidia Senra e às companheiras e companheiros do Sindicato Labrego Galego (SLG) o convite para intervir nestas jornadas.

Na minha intervenção desenvolverei as ideias que fomos debatendo nestes anos de luta no MST, e que inspiram o nosso programa sobre a questão agrária. Na construção desse programa temos balizado alguns elementos criados a partir das experiências e conquistas de 35 anos de luta: os assentamentos, as cooperativas, as escolas de formação. O que vou expor faz parte da construção do programa agrário que nós temos feito junto com a totalidade dos movimentos da Via Campesina da América Latina e do mundo, da qual vocês na Galiza fazem parte.

.....

- 8 Este texto é uma transcrição do áudio da intervenção da Marina dos Santos o dia 30 de março de 2019.

Docs 4

58 Finanzas, enerxía, terra, coidados, datos: Privados? Sociais? A economía no século XXI

O primeiro elemento que nós vemos é a questão agrária, a questão da economia da terra e dos bens da natureza que muitos tratam como recursos naturais. Mas, que nós tratamos como bens da natureza, porque falar de recursos naturais leva a uma visão financeirista. Nós achamos que é um tema relevante neste momento em que estamos a viver uma crise quase generalizada na sociedade. O tema da terra, o tema da questão agrária, o tema da reforma agrária que ainda é necessária em muitos países, no Brasil, na América Latina, em muitos países da Ásia, é um tema muito vigente quando falamos de economia no século XXI. A terra e os bens da natureza estão a ser tratados pelo sistema capitalista, especialmente pelas grandes e poucas empresas capitalistas que comerciam com bens da natureza, como mercadorias.

Os desafios que nós temos como camponeses e camponesas, como movimento de luta, são enfrentar essa conceção e não dissociar o tema da questão agrária, o tema da terra, o tema dos bens da natureza neste momento de crise da economia, de crise social forte, de crise ambiental e também de crise de valores na sociedade. Então, nós lidamos, debatemos, lutamos, enfrentamos o tema da terra e dos bens da natureza dentro do conjunto de crises em que as grandes empresas só procuram lucro e quem paga a conta são normalmente as pessoas trabalhadoras. Nesse sentido, para nós é muito importante situar a questão agrária no contexto internacional. E o que vemos no Brasil, na América Latina, em muitas partes do mundo, é que nós estamos a viver uma disputa de dois projetos no campo, dois projetos no meio rural, muito bem exemplificados pelo professor Carreira na sua intervenção sobre a questão agrária aqui, na Galiza. Um projeto de um lado que é desenvolvido, disputado pelas grandes empresas e outro projeto que é desenvolvido e disputado pelos camponeses e camponesas, pela pequena agricultura, pelos indígenas, pelos pescadores de muitos lugares do mundo, que têm outra visão e outro projeto de desenvolvimento para o campo.

O agro-hidro-mineral negócio.

O projeto das transnacionais

Por um lado temos um projeto de desenvolvimento das grandes empresas que é representado pelo agro-negócio, pelo hidro-negócio e pelo mineral-negócio. Essas poucas empresas atuam em todos os continentes e regiões do mundo e querem transformar todos os bens da natureza como a terra, a água, as sementes, os mineiros e a biodiversidade, em literalmente negócios para garantirem os seus lucros, sem lhes importarem a saúde das pessoas e da natureza. E quero destacar alguns elementos do agro-negócio, do hidro-negócio e do mineral-negócio que vemos em todo o mundo, aqui na Galiza, no Brasil, em muitos países da América Latina, da África, da Ásia e noutros países também aqui da Europa.

Um elemento é a concentração da terra, chamada pelo professor Carreira *acaparamento*. No Brasil, que é um país de tamanho quase continental, o 1% dos proprietários detêm 46% das terras, quase a metade do país. Só o Paraguai está por diante do Brasil em concentração da terra. O Brasil é também um dos países do mundo com mais desigualdade social. Cuidamos que a concentração da terra é um dos fortes elementos que levam a uma alta desigualdade.

Um segundo elemento do sistema do agro-negócio é o sistema de produção orientado à exportação. Poucos produtos no caso do Brasil: muita soja, eucalipto para a celulose, cana-de-açúcar, laranja, cultivados em grandes extensões com prioridade para a exportação e uma produção com uma alta utilização de agro-tóxicos, de venenos que contaminam a água, a comida, o ar, etc. No Brasil, segundo o Ministério da Saúde, cada pessoa consome por ano 4,5 litros de veneno que é ingerido através da comida, através da respiração do ar, através da água pela contaminação. Este sistema de produção é organizado pelas grandes empresas.

Um terceiro elemento é que há uma padronização dos alimentos, uma produção que não considera as agriculturas locais. Segundo a FAO, quase mil milhões de pessoas passam fome no mundo, ao mesmo tempo que a terra produz alimentos para

a exportação com uma grande utilização de venenos. Existem milhões de pessoas que passam fome porque este sistema não prioriza a produção de comida para as populações locais.

Por último, outro elemento do sistema é que as empresas se apropriam das sementes e as tornam em patentes privadas. Refiro-me a toda esta realidade dos transgênicos ou da transgenia.

Estes são os principais elementos de projeto que as grandes empresas do agro-hidro-mineral-negócio desenvolvem no mundo inteiro.

A soberania alimentar e o projeto camponês

Mas, por outro lado há um processo de lutas, um processo de resistências feito por movimentos de camponeses e camponesas, por pequenas pessoas agricultoras que fazem parte do movimento camponês, indígenas, pescadores, que querem construir um outro modelo de desenvolvimento no campo, na sua prática diária. Apesar de utilizar bem menos terra produzem aproximadamente 70% da produção de alimentos mundial, que é garantida pela produção camponesa. Este é um modelo centrado nas necessidades dos povos que interessa não somente aos camponeses e camponesas, mas também ao conjunto das pessoas trabalhadoras do campo, da cidade, da natureza, da economia. Esta é a base doutro modelo de desenvolvimento que querem os camponeses e camponesas organizados e do que quero destacar alguns elementos.

O primeiro elemento é a terra, a própria terra, a necessidade de democratização da terra, ou seja de avançarmos no objetivo de desconcentrarmos a terra. Uma terra que está a cada vez mais concentrada. Em muitos países, o Brasil é um exemplo, ainda se debate a necessidade de uma reforma agrária. A reforma agrária pensada como um projeto não só de democratização da terra, de descentralização da terra, mais também em um processo que compreende a garantia de acesso a todos os bens da natureza. Na Guatemala, por exemplo, os indígenas dizem que eles são os indigentes que vivem encima do ouro, porque eles vivem em territórios, mas não têm acesso

a todos os bens que ali existem. Nós estamos falando de uma reforma agrária que tem que compreender a distribuição, a democratização da terra, mas, também a democratização de todos os bens da natureza que ali existem para as pessoas trabalhadoras, como a água, os bosques, os mineiros, as sementes, a biodiversidade. Nesse sentido nós temos uma experiência no MST do Brasil. Depois de 35 anos da nossa existência, o MST foi fundado em 1984, temos em torno a 450 mil famílias, uns 2 milhões de pessoas, que já conquistaram a terra, que estão em assentamentos. Essas conquistas que são fruto da luta, do enfrentamento com o latifúndio, com essa concentração da terra, com todo esse poderio articulado em torno dos donos da terra, permitem novas formas de organização da produção, de organização de escolas, de organização de cooperativas, e de produção que estão na base do projeto que nós defendemos para o campo. Porém, em torno de 90 mil famílias continuam no processo de luta pela terra, vivem ainda nos acampamentos, lutam ainda pela ocupação das terras que não cumprem a sua função social de acordo com a Constituição Federal.

A segunda base do projeto defendido e realizado a partir das lutas é desenvolver uma nova matriz tecnológica de produção e distribuição da riqueza na agricultura. Não vamos reproduzir o sistema anterior. Por isso queremos uma nova matriz tecnológica de produção que seja baseada na agroecologia, que seja baseada em uma produção de alimentos saudáveis em equilíbrio coa natureza. Nos últimos 2-3 anos, o MST foi considerado o maior produtor de arroz orgânico, agroecológico, da América Latina e isso que nós não produzimos arroz em todos os assentamentos do país já que o nordeste é uma região mais seca. Isto é um exemplo de que é possível construir uma nova matriz tecnológica que não esteja baseada em poucos produtos e grandes monoculturas.

Além disso, queremos desenvolver um sistema de organização da produção agrária que garanta de facto a soberania alimentaria, no qual os povos, as comunidades, as pessoas envolvidas na produção possam decidir, ONDE produzir, O QUE produzir, COMO produzir e PARA QUEM produzir, para elimi-

nar a dependência de muitos pequenos agricultores a respeito de umas poucas grandes empresas. Os produtores de leite devem decidir como produzir e como organizar a comercialização e não que a Nestlé possa decidir. Nós estamos criando autonomia nas comunidades, porque estamos comprovando na nossa prática que existe essa possibilidade.

Junto à nova tecnologia na produção e à nova autonomia da produção queremos ter também uma garantia de fontes de energia renováveis alternativas, que estamos experimentando e coincide com as propostas da professora Mediavilla.

Uma outra base desse projeto de desenvolvimento para a agricultura é organizar a produção e a comercialização sobre a base de todas as formas de cooperação agrícola: cooperativas de produção, cooperativas de comercialização, associação de muitos grupos informais, já que no Brasil organizar uma pequena cooperativa de trabalhadores e trabalhadoras exige uma enorme carga burocrática. O sistema não ajuda neste sentido.

Outro elemento é a industrialização e a política agrícola. Temos a possibilidade de criar pequenas agroindústrias que assegurem agregar valor, valorizar a produção camponesa e promover, também, o desenvolvimento equilibrado entre as regiões. Neste sentido é muito importante o diálogo com o Estado para que a política agrícola pública garanta o apoio aos camponeses e camponesas, garantindo preços rentáveis, crédito rural, seguros agrícolas, assistência técnica para todas as necessidades dos produtores. Por isso, nós pensamos que é muito importante, quando se debatem as políticas agrárias, não ter só técnicos nos gabinetes, senão políticos favoráveis que promovam políticas para os camponeses e camponesas. Por isso, é muito importante a participação de camponeses e camponesas, os que estão com as mãos na massa, como costuma dizer-se, na construção das políticas para que incorporem a realidade que vivem no campo e as suas necessidades.

Por último, nós destacamos muito como uma das bases deste projeto, a questão da educação, especialmente das crianças, a juventude, das mulheres, porque a educação no campo, nas zonas agrícolas rurais é sempre a distância. As

crianças, a juventude, têm que sair do campo e ir para a cidade para terem acesso às escolas. Nós consideramos que o Estado tem que permitir que as crianças sejam educadas na sua comunidade para garantir a continuidade da juventude, das mulheres no campo, no meio rural, e impedir o avanço do êxodo do rural como tem acontecido em muitos lugares do mundo. Queremos que existam oportunidade de produção, de educação, de lazer, que garantam de facto a continuidade da juventude e das mulheres nas comunidades.

A Declaração dos direitos

Camponeses: uma conquista histórica

Nos últimos meses tivemos uma grande conquista dos movimentos do campo organizados em todo o mundo, mas que se iniciou na Ásia, na Indonésia, que foi a aprovação na ONU da Declaração dos Direitos dos Camponeses e Outras Pessoas que Trabalham nas Zonas Rurais. O processo de redação da Declaração vinha fazendo-se desde o início deste século, desde o 2000. A aprovação da Declaração não vai provocar uma revolução no meio rural e garantir o projeto de desenvolvimento proposto pelos camponeses e camponesas, mas é com certeza um instrumento muito importante para a resistência dos camponeses e camponesas, indígenas, quilombolas, que são as comunidades dos negros, de pescadores, etc. Por que? A Declaração inclui conteúdos ideológicos importantes, por exemplo, o reconhecimento no sujeito camponês, dos homens, as mulheres e a juventude. Porque até agora, no mundo, na América Latina e no Brasil, o sujeito camponês era o homem, a mulher nunca foi considerada. A Declaração é importante já que destaca que no sujeito camponês também estão a mulher, a juventude, a gente maior.

Outro elemento importante é o reconhecimento dos direitos coletivos, a valorização da comunidade, a valorização dos assentamentos, dos quilombos, doutras organizações de camponeses e camponesas, saindo um pouco da forma individual. A Declaração garante as formas organizativas dos camponeses e camponesas, indígenas, pescadores, como diz o título «Outras Pessoas que Trabalham no Meio Rural».

Docs 4

Também a questão da propriedade intelectual e, especialmente, em relação com os direitos às sementes, aos bens naturais e à biodiversidade.

A Declaração é um instrumento que fortalece a luta dos camponeses e camponesas contra as políticas que as empresas transnacionais estão despregando e fazendo no mundo inteiro. A Declaração defende as nossas reivindicações e as nossas agendas.

17 de abril: dia da luta camponesa

E para finalizar, para nós no MST e para os movimentos do campo no Brasil, o dia 17 de abril é uma data muito importante porque em 2006, durante um processo de mobilizações, em uma caminhada pacífica, uma marcha, no norte do país, no Estado de Pará, quando centenas de pessoas trabalhadoras se dirigiam à capital do Estado para assistirem a uma negociação com o governo do Estado sobre a reforma agrária, a polícia militar assassinou, matou, 19 companheiros sem terra. Durante esse massacre, que é conhecido como o massacre do Eldorado dos Carajás, veio ao acaso, que a Via Campesina estava reunida em uma atividade conjunta em Bruxelas e a Coordenação Internacional da Via Campesina declarou o dia 17 de abril, em homenagem ao massacre de Eldorado Carajás, Dia Internacional da Luta pela Terra, da luta pela reforma agrária, das lutas camponesas. Nós vemos que se por um lado o capital, e as grandes empresas e as transnacionais, os nossos inimigos, estão articulados e atuando em todo o mundo em forma organizada, nós, os povos, os movimentos populares dos camponeses, as mulheres, a juventude, também temos que globalizar as nossas lutas, globalizar as esperanças, as conquistas e as resistências que temos em todo o mundo. Este encontro na Galiza, faz parte dessa troca de experiências e resistências e quero rematar desejando que globalizemos a luta e a esperança.

Finanzas privadas ou públicas? Outras finanzas son posíbeis

Ricardo García Zaldívar

Doutor en Economía. Ex-coordinador de Attac España

Estamos inmersos nun longo período de globalización que dura máis de 40 anos e que se caracteriza pola irrupción dun proceso devastador e nada espontáneo impulsado polas finanzas. Unha globalización de ideoloxía neoliberal que debe ser contemplada como a fase máis recente do capitalismo mundial, fase que alcanzou o seu auge nos 90 e que entrou nunha crise sistémica de grandes proporcións. En 2008 o mundo rico atopouse no medio dunha profunda recesión, a máis grave desde a Gran Depresión de 1929. Estalou no verán de 2007 e alcanzou o seu clímax a finais de 2008 cando as ondas do crack financeiro do sistema afectaron de cheo a economía real, disparándose o paro e freándose a actividade económica en practicamente todo o planeta.

O resultado do proceso foi consolidar un poder desmesurado dos mercados financeiros, que foi propiciado polo desregulamento e a liberdade absoluta de movementos de capitais. Esta financiarización foi a transformación fundamental introducida pola globalización. Sen dúbida foi a política de desregulamento da globalización financeira a que levou á actual ex-

Docs 4

66 Finanzas, enerxía, terra,
coidados, datos: Privados? Sociais?
A economía no século XXI

pansión dos paraísos fiscais. A opacidade case completa que ofrecen e unha baixa ou nula fiscalidade para as empresas e patrimonios considerados como non residentes converteunos no verdadeiro lubricante do sistema para uso da banca, as transnacionais e as grandes fortunas. As persoas residentes nestes pequenos territorios, moitos deles illas ou microestados, viven desta industria financeira orientada á fraude fiscal.

A existencia destes centros financeiros supón unha competencia fiscal daniña entre Estados, tanto a través dos *régimes fiscais preferentes*, moi prexudiciais para as facendas públicas, como da proliferación de verdadeiros centros financeiros extraterritoriais (*offshore*) que permiten unha evasión fiscal a grande escala: fontes solventes cifran en miles de millóns de dólares as perdas anuais por evasión fiscal en todos os países. Non hai dúbida que estas goridas financeiras protagonizan as bolsas de fraude máis graves e sofisticadas do planeta pero non hai que esquecer que permiten igualmente o incremento da delincuencia financeira xa que, a ausencia de control sobre os fluxos financeiros, posibilita operacións de diñeiro sucio que é «legalizado» mediante branqueo e pode ser utilizado para o financiamento do terrorismo, do tráfico de persoas e de drogas e a expansión da corrupción política a grande escala, todo iso grazas á opacidade dos procesos.

Máis de dez anos despois do estalido da crise, esta arquitectura financeira causante da crise do sistema reforzouse, aumentando o seu poder sen asumir ningunha responsabilidade. Os grandes bancos que sobreviviron absorberon outros máis pequenos, recibiron enormes cantidades de diñeiro público e as persoas propietarias, e de maneira especial aquelas que exercen como directivas e conselleiras, aumentaron considerablemente as súas retribucións. Estes bancos demasiado grandes para crebar, os seus *lobbies* e as grandes transnacionais convertéronse no verdadeiro poder que domina as finanzas neoliberais e a economía mundial.

A Unión Europea non foi allea a este proceso. Todo o contrario, foi unha das principais protagonistas da desviación neoliberal das finanzas globais ao converter Europa nun espazo financeiro con absoluta liberdade para os movementos de capi-

tais, tolerando os paraísos fiscais ou abrindo ao negocio financeiro as empresas e servizos públicos... Unha Unión Europea que a través da chamada *Troika* (o FMI, o Banco Central Europeo e a Comisión Europea) impulsou a hexemonía das finanzas privadas no continente europeo e impuxo a súa lóxica especialmente aos países periféricos de Europa (Grecia, Portugal, España, Italia e Irlanda) esixindo o pagamento dunha débeda ilexítima, privatizando os servizos públicos máis básicos (educación, sanidade, pensións...) e impondo medidas draconianas de recortes de dereitos sociais, políticos e económicos.

Pero podemos afirmar sen temor a equivocarnos que esta sociedade na que vivimos e esta dominación das finanzas privadas non é o que quere a maioría da poboación de Europa e do planeta. Unha cidadanía cada vez máis numerosa esixe iniciar unha transición que logre ir substituíndo estas finanzas todopoderosas que gobernan as nosas vidas por outras finanzas que non impoñan a súa lóxica suicida do curto prazo e da rendibilidade inmediata, nin sigan demandando un crecemento ilimitado que non fai senón acelerar a depredación da natureza agonizante e a imposibilidade de vida no planeta. Trataríase dunhas finanzas ao servizo de toda a cidadanía, non duns poucos, e que non poñan no centro da realización individual e colectiva a procura desenfreada da riqueza material e a submisión de todas as relacións sociais á lóxica do diñeiro. Unhas finanzas públicas que recuperen en poder perdido durante a longa noite neoliberal.

Outras finanzas son posíbeis? Enunciaremos cinco principios básicos que ao noso xuízo⁹ constitúen as premisas dunhas finanzas públicas alternativas e ao servizo das persoas, principios que só podemos esbozar aquí por falta de espazo.

.....

- 9 Estes principios foron enunciados, debatidos e difundidos pola Rede Europea de ATTAC na súa reunión de Barcelona en xaneiro de 2012. Máis información en <http://www.attac.tv/2012/02/17223>

Docs 4

Primeiro principio. Sacar as finanzas públicas dos mercados financeiros.

Supón permitir un financiamento público democrático dos Estados mediante a reforma do Banco Central Europeo (BCE), que pasaría a estar controlado democraticamente. Para iso é urxente:

- Modificar os tratados europeos e o estatuto do BCE para que poida prestar directamente aos Estados membros da Eurozona, ou comprar a débeda emitida por uns gobernos democráticos que están suxeitos a un control parlamentario por parte da súa cidadanía. Debería igualmente modificarse o artigo do BCE que prohíbe a monetización da débeda pública, medida que resultaría moito máis efectiva se puidese coordinarse a escala europea.
- Ampliar o mandato demasiado restritivo do BCE, actualmente circunscrito á vixilancia da estabilidade dos prezos, para contemplar tamén as políticas de crecemento e de emprego. De feito, a noción de «estabilidade de prezos» é absolutamente insuficiente, dado que, por exemplo, non se expón explicitamente a necesidade de combater a deflación.
- Impor condicións estritas para os préstamos que o BCE concede aos bancos privados (o que contrasta coa condicionalidade que as institucións europeas expoñen aos Estados que reciben préstamos ou foron rescatados).
- Dotar o BCE da lexitimidade democrática que carece, esixindo unha rendición de contas periódica ante o Parlamento Europeo e ante os Estados membros da Eurozona.
- Pór os medios para que o BCE se comporte como prestamista de última instancia para os países membros durante as crises.
- Esixir unha maior transparencia na actividade do BCE para posibilitar maior control cidadán das súas medidas e coñecer, por exemplo, a que bancos foron parar o billón de euros inxectado a través das operacións LTRO (*Long-term Refinancing Operation*: Operacións de Refinanciamento a longo prazo) en condicións sumamente vantaxosas.

Segundo principio.

Escapar da trampa da débeda.

Require establecer auditorías que conduzan a quitas e reestruturacións da débeda. Os bancos e actores financeiros privados deben responsabilizarse da súa parte de perdas. A realización dun proceso de quita comportaría unha clara redistribución de riqueza entre acredores e debedores e suporía un avance no recoñecemento da responsabilidade compartida no proceso de sobre-endebedamento dos axentes económicos. En todo caso, dependendo das opcións adoptadas á hora de aplicar as quitas, os acredores sufrirían fortes quebrantos polo que é imprescindible contemplar os efectos en cadea que inevitablemente se producirían. Fundamentalmente a operación comportaría a necesidade inmediata de recapitalización do sector bancario que conduciría á súa nacionalización se os accionistas privados non se ven capaces de asumir a inadecuada xestión realizada. Mais a redución da débeda non sería suficiente para evitar a súa reprodución. O proceso de redución de débeda comportaría unha profunda redistribución da riqueza con efectos non neutrais. Suporía, por tanto, unha ferramenta política que, ademais de servir para lograr a sustentabilidade da débeda, permitiría pór de manifesto a existencia dunha gran parte de débeda ilexítima e identificar as alternativas políticas necesarias para mudar o modelo económico, político e social, que nos levou a esta crise de sobre-endebedamento. Loitar pola implantación efectiva destas alternativas é tan importante como alcanzar o obxectivo de redución da débeda, xa que se non modificamos unhas finanzas que nos trouxeron a esta situación, a historia volverá repetirse no futuro.

Terceiro principio. Dotar as finanzas públicas dunha base sustentábel.

Implica incrementar os impostos á riqueza e aos beneficios corporativos, e harmonizar os impostos dentro da UE para erradicar a desigualdade fiscal. Acabar coa evasión fiscal e pór en práctica un «embargo financeiro» aos paraísos fiscais. Por que dotar as finanzas públicas dunha base sustentábel é a me-

Docs 4

llor forma de reforzar a democracia, combater a corrupción e implantar o Estado social, independentemente da forma ou natureza que a sociedade estableza democraticamente que debe ter o Estado, a través do mantemento e mellora dos servizos públicos e os bens comúns; de redistribuír a riqueza aplicando os principios de progresividade e xustiza; e de orientar adecuadamente a política económica gravando en maior medida aquelas actividades de menor interese xeral ou con efectos indesexábeis para o conxunto da sociedade como son as operacións especulativas.

Cuarto principio. Desarmar os mercados financeiros e pór o sector bancario baixo control.

Supón prohibir mecanismos especulativos daniños (por exemplo: transaccións de alta frecuencia, vendas en curto descubertas, especulación con derivados, acordos extra-bolsistas) e impoñer un imposto ás transaccións financeiras (ITF) a unha taxa de polo menos o 0,1% gravando a totalidade dos activos, incluídos os derivados. É igualmente urxente proceder a unha regulación bancaria estrita xa que a previsíbel pervivencia de entidades financeiras privadas nas nosas sociedades precisa dunha estrita separación entre a banca de investimento e a banca de depósito. É imprescindible preservar e garantir os aforros da cidadanía e, por iso, as entidades privadas deberán estar obrigadas a manter niveis de solvencia suficientes para non poñelos en risco. Así mesmo, só coa limitación de tamaño das entidades bancarias que sigan baixo control privado, poderanse prever a existencia de futuras crises financeiras e evitar os perniciosos efectos de contaxio e risco sistémico para o conxunto da economía no futuro. Hai que resaltar que o sector bancario europeo presenta a perigosa característica de conter moitas entidades «demasiado grandes para crebar». Bastaría a quebra dunha das 30 entidades de maior tamaño para provocar o colapso do conxunto do sistema financeiro. Mentres haxa bancos privados con este tamaño será imposíbel prever novas crises financeiras.

Quinto principio. Permitir unha forma de financiamento pública e democrática da economía.

Expón recuperar e consolidar unha banca pública baixo control democrático, que asegure o financiamento selectivo das necesidades sociais e económicas, garanta os dereitos sociais e financeira unha transición socio-ecolóxica. Unhas finanzas alternativas que rexeiten os fundamentalismos neoliberais terían na banca pública un dos seus instrumentos máis potentes para pór a economía ao servizo das persoas e con iso reforzar a democracia. Por unha banda, habería que potenciar unha Banca Pública de Investimento que en España podería arrincar coa ampliación do ámbito e funcións do Instituto de Crédito Oficial (ICO), entidade pública empresarial xa existente e adscrita ao Ministerio de Economía e Competitividade. Seguindo o exemplo de Dakota do Norte, un ICO reforzado tería que atender de forma prioritaria aqueles investimentos estratéxicos que, ademais de favorecer a creación de emprego e a reactivación da actividade económica, servisen para iniciar o urxente e necesario cambio de modelo produtivo. E en segundo lugar o noso país require unha potente banca pública convencional na que depositar as importantes sumas de diñeiro que as Administracións Públicas reciben dos contribuíntes e os fluxos monetarios constituídos polos aforros e as nóminas dunha cidadanía responsábel que opte por apoiar as finanzas públicas e por manter o seu diñeiro afastado do casino financeiro.

Nos cinco principios esbozados perfiláronse unhas finanzas alternativas baixo un suposto de transformación financeira global simultánea, por exemplo a UE. Se se quixese imaxinar esas finanzas alternativas nun ámbito inferior (espazo estatal ou pluriestatal) sería necesario proceder obrigatoriamente a modificacións profundas e a salvagardas no sistema financeiro, nas súas institucións e nos procedementos internacionais de pagamentos, comezando polo establecemento dun control estrito e rigoroso do movemento de capitais, xa que doutro xeito os ataques especulativos e a fuga de capitais e de riqueza acumulada podería afundir en pouco tempo a economía do estado ou estados que pretendesen realizar tales reformas.

Docs 4

Os nosos datos son propiedade común?

Ekaitz Cancela Rodríguez

Xornalista e autor do libro *Despertar del sueño tecnológico*

Nun breve texto publicado en 1848, Karl Marx e Friedrich Engels advertían: «a época da burguesía caracterízase e distínguese de todas as demais polo constante e axitado desprazamento da produción, pola conmoción ininterrompida de todas as relacións sociais, por unha inquietude e unha dinámica incesantes». Só desde esta perspectiva materialista se pode ler o lema de Facebook (*Move Fast and Break Things*) e entender a maneira en que o capitalismo tecnolóxico está a transformar a estrutura económica para renovar os plans de acumulación da clase dominante.

Máis dunha década despois de que estalase a crise de 2008, cuxa magnitude lembra á que en 1929 abriu as portas aos movementos fascistas en Europa, e se iniciase a desintegración do sistema financeiro, tanto os datos como as estratexias capitalistas deseñadas ao redor deles por unhas cantas corporacións estadounidenses e chinesas emerxeron para continuar coas esixencias sistémicas do capitalismo: procura de rendibilidade a longo prazo, escorrentar a competencia e determinar o resultado do antiquísimo conflito entre o capital e o traballo.

Por tanto, máis que diante dunha «revolución tecnolóxica», como adoitan sinalar os voceiros posmodernos que deixaron de crear nas existencia dos metarrelatos, atopámonos diante da revolución constante de «os instrumentos da produción; é dicir, o sistema todo da produción e con el, todo o réxime social». Esta historia comezou hai algunhas décadas, no mesmo instante en que tivo lugar a revolución ideolóxica conservadora e comezou a pórse en práctica a axenda neoliberal.

Ante o baleiro de poder que tivo lugar durante a Guerra Fría, esa pugna que enfrontou (non de maneira definitiva) o capitalismo cunha alternativa comunista, os Estados Unidos basearon a súa política exterior en desprazar unha inxente cantidade de recursos económicos públicos para asegurar a supremacía tecnolóxica ianqui con respecto ao resto do mundo. De maneira paralela, as empresas de telecomunicacións foron privatizadas, as normas anti-monopolio socavadas con axuda de *thinks tanks* ou *lobbies* da industria e as distintas Administracións estadounidenses envorcáronse en asinar tratados comerciais deseñados de acordo a unha consideración proteccionista básica: asegurar que a información fose libre de fluír desde calquera lugar periférico da economía mundo capitalista cara ao centro, neste caso representado por un complexo conxunto de relacións entre o Estado americano, Wall Street e, en menor medida, Hollywood.

Todo iso fálanos dunha cuestión básica: se boa parte dos países, especialmente os do Sur e concretamente Chile, non puideron deseñar estratexias de soberanía tecnolóxica, é dicir, desenvolver as súas propias industrias nacionais e planificar as súas economías locais, isto debeuse á violencia económica exercida pola estratexia imperialista dos EE.UU. para apropiarse da riqueza doutras partes do planeta. Así é como ese gueto chamado Silicon Valley, e cada vez máis Guangzhou, emerxeron como centros da economía e as corporacións tecnolóxicas comezaron a establecer as trabas para que o resto de actores, sexan empresariais ou gobernamentais, accedan a servizos intensivos en información básicos para o funcionamento das sociedades capitalistas.

Docs 4

74 Finanzas, enerxía, terra,
coidados, datos: Privados? Sociais?
A economía no século XXI

Especialmente nun momento en que os desenvolvementos recentes da intelixencia artificial, grazas á aprendizaxe profunda propulsada pola extracción de topo tipo de datos, converten esta máquina nun elemento fundamental para o bo funcionamento dos medios de produción modernos. Por iso a China investiu 150.000 millóns de dólares en impulsar a súa industria nacional de intelixencia artificial e as cinco corporacións tecnolóxicas máis importantes dos Estados Unidos (*Amazon, Alphabet, Apple, Microsoft e Facebook*) desembolsan cada ano preto dun terzo desa cantidade en investigación e desenvolvemento.

Sendo claros, de seguir a ruta neoliberal cara á integración no mercado dixital global, os vinte e sete estados da Unión Europea iranse convertendo en pequenos ríos que flúen cara a dous grandes océanos, os cales están repletos de aduanas, trabas políticas, xurídicas e sobre todo económicas. Neste sentido, os académicos e as académicas comezaron a falar de colonias dixitais ou de mercados fortemente dependentes da adquisición de tecnoloxías estranxeiras. Ante esta situación, ademais de perder o seu peso central na economía mundial, boa parte do Estado de benestar (sempre máis ideal que real) culminará a súa desintegración. Como responder ante esta concentración de poder e recursos?

Deseñando unha economía baseada nos datos coa finalidade de asegurar a soberanía europea, en alianza cos países do Sur ou outros lugares que resistan á ideoloxía dominante dos Estados Unidos (presente en Europa desde a súa integración), e creando institucións sociais colectivas grazas aos enormes desenvolvementos tecnolóxicos á nosa disposición. Isto é, non só que existan formas de pensar alternativas ao capitalismo dixital, senón que situálas sobre a mesa neste momento pode supor recuperar unha loita que parecía desaparecer coa caída do muro de Berlín.

En primeiro lugar, aínda que non estea nas súas últimas horas, o sistema capitalista atópase inmerso nunha crise, non só de rendibilidade, que xa se remonta até os anos setenta, senón de lexitimidade política. Noutras palabras: existen contradicións inherentes a este sistema que poden favorecer a súa transformación, tanto nunha nova liña capitalista (sendo esta cada vez máis autoritaria), como en termos anticapitalis-

tas. Por suposto, iso non ocorrerá por encantamento: deberán ser os esforzos colectivos e a organización política quen se encargue de apertar o gatillo! E máis nun momento en que a desastrosa solución financeira favoreceu que os novos partidos de ultradereita medren enarborando discursos que envorcan toda a ira contra as persoas desfavorecidas e resignifiquen categorías como raza ou xénero.

Neste momento, a cuestión central e máis urxente para incitar os movementos anti-sistémicos é reconsiderar o réxime de propiedade dos datos e pensalos como un ben común. Iso quere dicir que non sexan propiedade duns cantos xigantes tecnolóxicos estranxeiros, que os utilizan para ampliar a súa marxe de beneficios, nin que poidan converterse nunha mercadoría comercializábel polas persoas, como defenden os herdeiros libertarios de John Locke. No seu lugar, deben compar tirse entre o resto de membros da sociedade para crear medios de vida de maneira colectiva e social.

Falamos tamén de enfrontar as prácticas, regras, valores e, en último termo, o comportamento humano que establece a mercantilización de todo para que prevalezan valores sociais, cooperativos, cívicos e mais inclusivos. Se a acción radical na economía dixital se realiza en contra desas corrosivas lóxicas capitalistas, as grandes corporacións tecnolóxicas de Silicon Valley perderán o seu poder, os Estados Unidos reducirán a súa influencia sobre outras partes do globo e poderán florecer economías distintas ás que imperaron durante os últimos corenta anos.

Isto é, coa suficiente autonomía respecto ao mercado ou á burocracia do Estado, a natureza deste recurso non só pode empregarse de maneira común, senón que a xestión, a supervisión e a férrea protección dos datos (mediante o establecemento de medidas xurídicas decididas de maneira democrática) é condición fundamental para asegurar a sustentabilidade e a preservación a longo prazo dos ecosistemas sociais que nazen grazas a estes recursos cognitivos.

Agora ben, á marxe de transformar a propiedade dos datos, existen outras cuestións centrais para que calquera utopía post-capitalista poida culminarse con relativo éxito. Evgeny Morozov preguntábase: «Como se supón que podería existir unha

intelixencia artificial ou unha infraestrutura de computación na nube autoxestionada, especialmente en ausencia dun impulso prolongado por parte do Estado?» De ser certo que o Estado volveu, e todo apunta a iso, debe desenvolver unha estratexia nacional de intelixencia artificial e *Big Data*, como fixeron boa parte das potencias mundiais, pero con perspectivas distintas ás habituais visións unidimensionais que abraza a tecnocracia en canto ás políticas dixitais, como no caso do Estado español. Na súa contra, o único obxectivo debería ser asegurar o acceso gratuíto e sen trabas da cidadanía a unha infraestrutura computacional que permita facer uso dos datos que producen de maneira conxunta os cidadáns para servir a intereses últimos da comunidade, non duns cantos monopolios estadounidenses ou chineses.

En efecto, para iso será necesaria unha visión sobre a Unión Europea alternativa á que teñen a Troika ou o eixo comercial franco-alemán. Por exemplo, á hora de atopar o financiamento que permita aos Estados asegurar a soberanía europea respecto a Estados Unidos e China mediante a creación de centros de datos paneuropeos que abastezan os pobos europeos. Ademais, se queren levar a cabo unha *transición* verdadeiramente democrática cara a un modelo económico que non deposite de maneira inxenua a súa confianza sobre a liberdade dos mercados, tamén deberán deseñarse acordos comerciais con cláusulas específicas para asegurar o almacenamento local dos datos, bloquear o libre fluxo destes cara aos centros económicos estranxeiros e eliminar a existencia de tribunais de xustiza paralelos ao servizo destas corporacións.

En último termo, se a esquerda pensa en clave estratéxica e se arma de audacia política, os opacos algoritmos das grandes corporacións tamén deberán ser abertos, coma se fosen un tesouro público similar ao que constitúen as bibliotecas. Trátase de defender que estas ou outras tecnoloxías, como a intelixencia artificial, non poden determinar a maneira en que nos comportamos de modo que se impoñan de maneira definitiva e aparentemente máxica as lóxicas capitalistas: acudir ao mercado para adquirir todo ben ou servizo. Por iso, o acceso da grande industria tecnolóxica ás infraestruturas que crean os datos debe estar bloqueado. En caso contrario, obter maiores ganancias a custo

da explotación dos recursos sociais seguirá a ter lugar de maneira agresiva –como o sistema capitalista operou co ecosistema natural, especialmente durante as últimas décadas–.

Xunto a todos estes cambios nos réximes de propiedade dos datos, políticas industriais e comerciais, habemos de incidir no establecemento dun novo pacto social adaptado ao mundo dixital, na creación de dereitos humanos fundamentais (como á privacidade ou a un forte encriptado das nosas comunicacións) e en que a xestión das infraestruturas recaia na cidadanía. Ademais, sen que ningunha institución económica supraestatal e tecnocrática decida os teitos de gasto das cidades, os seus investimentos ou a cantidade de débeda que deben pagar, estes enclaves urbanos poden converterse en espazos de vida onde se impoñan valores sociais propios da tradición esquerdista, como o feminismo ou o ecoloxismo, e afastarse dos dogmas establecidos nas cidades durante a transición desde o feudalismo cara ao capitalismo.

Iso, vai de novo, implicar repensar a relación entre os Estados europeos, así como o rol das cidades dentro destes, para tamén redistribuír o poder público, ampliar as posibilidades democráticas que teñen as cidades para coordinarse entre elas unha vez se teñan roto os seus grillóns financeiros e impor a vida das comunidades locais á que requiren os mercados globais.

Aínda que vivimos un presente distópico e catastrófico, algo así como un soño profundo inducido polas modernas tecnolóxicas dixitais, existen brechas suficientes no sistema económico e político como para pensar que o despertar tivo lugar, o momento para plantar a loita quedou establecido e que o seu taboleiro, a historia mesma do capitalismo, atópase en disputa. En función de como escollamos os nosos movementos, a partida pode decantarse de maneira definitiva en favor da clase proletaria. Agora ben, a revolución debe comezar depositando enormes enerxías en recuperar esas tecnoloxías que neste mesmo instante contribúen a que a clase dominante continúe a súa marcha cara á extinción como civilización humana. Esa é a única realidade que está por detrás dos discursos corporativos sobre a dixitalización.


Docs 4

78 Finanzas, enerxía, terra,
coidados, datos: Privados? Sociais?
A economía no século XXI

A catástrofe inminente e como preparármonos

Paul Cockshott

Profesor e investigador na Universidade de Glasglow, é un referente mundial en teoría da planificación económica. É especialista en teoría do valor, econofísica, e xunto co seu colega, o tamén economista Allin Cottrell, é autor de *Towards a New Socialism* (1993); e en español, do libro *Cibercomunismo. Planificación económica, computadoras y democracia*, no que tamén participa o economista Maxi Nieto.



ÍNDICE

1. Contexto ambiental e ameazas

Historia profunda

Restricións alimentarias

Restricións de calor

2. Mudanzas estruturais no modo de produción material

Que desaparecerá

Cales deben ser os substitutos


3. Economía en especie *versus* economía monetaria

Regulación cibernética

A substitución do diñeiro

Docs 4

80 Finanzas, enerxía, terra,
coidados, datos: Privados? Sociais?
A economía no século XXI




Unha Europa diferente, en mudanza

- As costas mudaron radicalmente.
- O clima foi radicalmente diferente.



A Europa anterior

- As costas mudaron radicalmente.
- O clima foi radicalmente diferente.
- Na última era glacial, apenas España, Italia e os Balcáns terían sido adecuados para a agricultura.



Apenas 4 graos para a primeira vila

- Unha mudanza de 4° foi todo o que se precisou para a Idade do Xeo desaparecer en Europa.
- Asociado cun aumento de 100 ppm en CO₂, comparábel ás emisións humanas.
- Catal Huyuk 7500BC
- Sociedades agrícolas

Onde se localizaba



Docs 4

- 82** Finanzas, enerxía, terra, coidados, datos: Privados? Sociais?
A economía no século XXI

Sequoia (metasequoia)



- California agora



- Eses tocos están no Ártico canadense

Bosque de secuioias no alto Ártico



- O que agora é lixo ártico árido chegou a ser tan cálido como para albergar vexetación como a actual de California.
- Entres os fósiles mesmo hai caimáns!
- Mais ese clima está dentro do intervalo de mudanzas proxectadas para os próximos dous séculos.

Mudanza climática -> mudanza social

- Fin da Idade do Xeo.
- Extinción da megafauna do plistoceno.
- A caza xa non é un estilo de vida viábel.
- Adopción forzosa da agricultura en Anatolia.
- Expansión dos pobos indoeuropeos desde Anatolia-> sociedade europea.

Mudanza enerxética -> mudanza social

- Europa feudal
 - Fontes naturais de enerxía, músculos, cabalos, rodas hidráulicas, carbón como combustíbel
- Esgotamento dos combustíbeis forestais
 - uso de carbón, novas fontes de enerxía, enerxía a vapor -> Europa capitalista
- Fin dos combustíbeis fósiles,
 - Quecemento global ->?????

Enfrontámonos a mudanzas comparábeis

É difícil sobreestimar as mudanzas que van acontecer nos vindeiros dous séculos, mais velaquí algunhas impresións.

Planificación parao fin da civilización capitalista

Os catro F (*en inglés*)

Comida (*Food*)

Combustíbel (*Fuel*)

Lume (*Fire*)


Inundacións (*Flood*)

Docs 4


84 Finanzas, enerxía, terra,
coidados, datos: Privados? Sociais?
A economía no século XXI

A chegada da crise alimentaria

- Producción de cereal nun escenario pesimista
→ No mellor dos casos - 2050



- No peor dos casos - 2050




Predicións

- Aumento a longo prazo dos prezos mundiais dos alimentos.
- Incremento das famas cando se perden as colleitas de forma xeneralizada.
- Falta de alimento de importación para animais - perda da produción de soia no Brasil e nos Estados Unidos.
- Necesidade de planificación alimentaria en Europa para asegurar a autosuficiencia fronte á diminución dos rendementos.

Fin do combustíbel

- O IPCC (2013) estima que para evitar unha mudanza climática catastrófica o total das emisións non poden superar os 800 mil millóns de toneladas de carbono.
- En 2013 restaban 270 mil millóns que aínda poderíamos usar, a unha taxa de 11 mil millóns/ano.
- En 2019 dispomos dunha marxe de 205 mil millóns, o cal implica que teremos que deixar de utilizar por completo combustíbel fósil en 2037, un pouco máis se permitimos a redución gradual.

Fontes enerxéticas actuais, Europa




O combustíbel fósil forneceu o 72% en 2016, baixando do 78% de 2005.

Docs 4

86 Finanzas, enerxía, terra,
coidados, datos: Privados? Sociais?
A economía no século XXI

Fontes enerxéticas e uso do transporte

- Os grandes usuarios son:



- Vehículos de estrada
- Avións
- Barcos

Transporte por estrada

Maior uso individual do plan de combustíbeis fósiles para:

- Prohibición inmediata da fabricación de automóbiles e autobuses de combustíbeis fósiles.
 - ➔ Prohibición algo posterior de camiões e vehículos agrícolas, xa que os deseños eléctricos aínda non están dispoñíbeis.
- Gran crecemento da rede ferroviaria para lidar co transporte de longa distancia, que non sería práctico con camiões de batería.
 - ➔ Os camiões de batería poden utilizarse para o transporte entre a terminal ferroviaria e lugares nas vilas.
 - ➔ As fábricas precisarán ramais ferroviarios.

Implicacións

- Plan para reducir do 72% ao 0% en 25 anos, unha redución anual do 3%, 5 veces máis rápido que o conseguido na actualidade.
- Non apenas pechar todas as centrais de carbón e gas, tamén construír suficientes centrais nucleares e eólicas para substituír outros usos enerxéticos en calefacción, transporte e procesamento.
- Investir en moitas máis liñas de tren de alta velocidade.
- Isto terá que levarse a cabo moito máis rápido do que sucede actualmente en Europa.
- O plan ferroviario chinés mostra que isto é posíbel. Reducir aínda máis a industria turística.
- Pechar moitos aeroportos.



Docs 4

- 88 Finanzas, enerxía, terra,
coidados, datos: Privados? Sociais?
A economía no século XXI

Transporte aéreo

- Terá que ser reducido a grande escala.
- Os avións alimentados con hidróxeno son posíbeis, mais:
 - Redúcese a capacidade de asentos.
 - O combustíbel é moito máis caro debido ás ineficiencias enerxéticas: electrólise, presurización e refrixeración, ademais da perda térmica nos motores.

Prototipo Tu 156 H2

- Voluminoso tanque de combustíbel
- Menos asentos
- Alto custo do combustíbel

Barcos

A globalización baseouse no motor mariño diésel. Únicas alternativas:

- Barcos nucleares (demasiado caros e perigosos para uso comercial).
- Enerxía eólica, xa probada mais cara en recursos humanos.
- O amoníaco líquido de Haber Process queímase en turbinas de gas, práctico mais tamén custoso.

Barcos modernos de vento



O rotor *Flettner* utiliza pouca enerxía para rotar un cilindro no vento e desenvolve o impulso debido ao efecto Magnus.

- É factíbel, mais a capacidade de carga sería moito menor que a dos cargueiros actuais.
- Moita menos carga será enviada de Asia a Europa despois da transición!

Aceiro




A produción de aceiro é a maior fonte de CO₂.

A civilización capitalista constrúuse sobre o aceiro, cales serían as implicacións se a produción de aceiro a base de carbón se eliminase?


- Moito máis custoso
 - O custo por tonelada sería bastante maior xa que o hidróxeno obtido por electrólise é máis caro que a cocaína.
 - O custo do aceiro incrementárase talvez nun terzo.
 - Implicaría que usaríamos menos aceiro, e necesitaríamos moitas centrais enerxéticas para producir o hidróxeno, ao redor de 100TWh extra só para Alemaña.

Docs 4

90 Finanzas, enerxía, terra,
coidados, datos: Privados? Sociais?
A economía no século XXI



- Existem alternativas
 - ➔ O custo por tonelada seria bastante maior xa que o hidrógeno obtido a través da electrólise é mais caro que a cocaína.
 - ➔ O processo é endotérmico pelo que se precisa calor adicional.
 - ➔ Implicaria un gran custo económico substituír as actuais plantas de aceiro en pouco tempo.




Lume



Existen riscos asociados co aumento da temperatura. As vagas de calor provocan incendios con frecuencia.

- Mortes por insolación.
 - En 2003, máis de 7.000 persoas en toda Europa morreron por unha vaga de calor sufocante
- Se as temperaturas de bulbo húmido superan os 35°C poden morrer aquelas persoas que non dispoñan de vivendas con ar acondicionado.

Inhabitábel



Docs 4

92 Finanzas, enerxía, terra,
coidados, datos: Privados? Sociais?
A economía no século XXI

Temperaturas máximas do bulbo húmido se hai un aumento de 8C na temperatura total

O peor dos casos

Isto sería para o peor dos escenarios de 'Eoceno', mais:

- Continuar como agora podería dar eses resultados para mediados de 2100.
- As mudanzas repentinas de fase asociadas co desxeo produciron saltos de 5°C en apenas 10 anos ao final da Idade do Xeo.
- A retroalimentación do metano, o derretemento do xeo ártico, etc. pode producir efectos non lineais.

Orde das mudanzas

- Os problemas alimentarios e as mudanzas nos combustíbeis produciranse nos próximos 20 anos.
- Os problemas graves pola calor poden comezar na segunda metade do século.
- Despois virán séculos nos cales aumentará o nivel do mar.

Implicacións

- Abandono de cidades costeiras.
- Construción de novas cidades en terreos altos.
- Traslado de portos río arriba á medida que se inundan os vellos.



Movement de poboación

- Estrés térmico
 - Despoboamento deliberado de partes do sur do continente de baixa altitude, xa sexa de xeito permanente ou no verán.
 - Migración ao norte ou a novas cidades nas montañas.
- Perigo de inundación
 - Abandono permanentemente das chairas costeiras e inundábeis.
 - Recolocación de decenas de millóns de persoas en terras de maior altitude.

Escenario extremo de inundación

Isto demorará séculos



Docs 4

- 94** Finanzas, enerxía, terra,
coidados, datos: Privados? Sociais?
A economía no século XXI

Calor e mudanza social

- O último gran quecemento levou Europa da caza á agricultura.
- Que mudanza social traerá este quecemento?

Mudanza social

A reestruturación da economía que se precisa é enorme:

- Investimentos enormes.
- Enormes movementos de poboación.
- Mudanzas masivas en infraestruturas.
- Esta mudanza só se conseguiu antes en 2 casos:
 - ➔ Mobilización da economía en tempo de guerra
 - ➔ Primeiro plan quinquenal soviético

Só dúas grandes opcións

- Capitalismo de estado.
- Economía planificada socialista total.

Características comúns:

- ➔ O Estado planea as principais características da economía en termos materiais e non en termos monetarios.
- ➔ O Estado dirixe o traballo dos sectores non esenciais aos esenciais.
- ➔ Varias formas de racionamento imposto ao consumo privado.
- ➔ O Estado financia o investimento necesario.
- ➔ Investimento en novas infraestruturas, etc. ao redor do 45% da economía (experiencia chinesa).

Opción de estado capitalista

- A maior parte da produción aínda está en empresas privadas, mais as empresas traballan baixo a dirección do estado.
- Racionamento da oferta laboral, sectores non esenciais como a banca, a publicidade ou a promoción devendas reducen as cotas de emprego.
- Racionamento do carbono.
- Amplos dereitos estatais para o embargo de terras, etc., para uso nacional.

Racionamento laboral

- A oferta laboral pronto será o principal obstáculo para conseguir os niveis de investimento en infraestruturas necesarios.
- As ocupacións clasifícanse segundo a súa importancia para alcanzar os obxectivos de adaptación ambiental, dirección da man de obra fóra dos servizos nos sectores da agricultura, construción e bens de capital.
- A experiencia en tempo de guerra demostra que isto é necesario ao cabo dun par de anos mobilizando a economía.

Financiamento

O Estado gasta o que necesita do diñeiro acabado de crear e despois elimina o uso de emisións de impostos e obrigas.

- Os niveis dos impostos estableceéronse de forma a reducir ao mínimo o gasto en produtos de luxo.
 - Por exemplo, en 1945 no Reino Unido os impostos nos moi ricos era do 97,5%.
- O imposto sobre os depósitos bancarios promove a compra de bonos do estado.

Racionamento do carbono

Baseado no sistema dos Estados Unidos de racionamento do petróleo durante a crise do petróleo dos anos 70:

- Toda a cidadanía obtén igual ración de carbono.
 - Pódese vender se é máis do que se precisa.
 - As empresas teñen que comprar as racións á cidadanía.
 - Os talleres etc. comprarán racións non desexadas.
 - A ración total redúcese cada ano de xeito previsíbel.
- Efecto económico redistributivo aos de baixos ingresos.

Docs 4

Economía en especie *versus* economía monetaria

Otto Neurath



Opción socialista

- Todas as grandes empresas convértense en propiedades do estado ou en cooperativas de traballadores e traballadoras.
- As firmas cooperativas aínda traballan baixo a dirección do estado para cumprir cos obxectivos ambientais esenciais.
- As xuntas estatais de compra para a agricultura e os agricultores e agricultoras privados teñen que cumprir os obxectivos previstos de cantidade e composición dos abastos de alimentos fronte a inminentes escasezas.

Planificación cibernética

- A tecnoloxía computacional europea está suficientemente madura como para permitir a planificación detallada ao nivel de código de barras individual.
- Plan elaborado utilizando programación lineal ou técnicas máis modernas para:

- Usar todos os recursos humanos
- Cumprir cos obxectivos de carbono e outros obxectivos ambientais
- Cumprir coas necesidades básicas dos consumidores en tempo real

Das razóns laborais aos prezos laborais

- A opción socialista tamén se verá limitada polos recursos humanos.
- Isto pode solucionarse sistematicamente pasando dos prezos en diñeiro aos prezos en horas de traballo.
- Os orzamentos estatais expresados en horas tradúcense directamente na parte da forza de traballo empregada.
- Os traballadores e traballadoras cobran 1 hora de créditos de traballo por cada hora traballada.

Créditos laborais vs diñeiro

- Os créditos públicos de traballo non circulan.
- Só pode utilizalos a persoa que realizou o traballo.
- Imposto sobre a renda deducido en orixe.
- Elimina tanto a evasión fiscal como o mercado negro.
- A modo de comparación, un crédito de 1 hora equivalería a uns 30 euros nos niveis actuais de produtividade.
- Elimina as desigualdades sociais e sexuais.

Mais isto é tecnicamente factíbel?

- É posíbel facer cálculos económicos do xeito en que Neurath propuxo en termos de bens materiais e de traballo?
- Explicaremos isto ao analizar o contido da man de obra informática, outros aspectos requiren un argumento informático máis sofisticado que publicamos en revistas.

Plans e computadores

Comezando por Von Mises, os economistas conservadores argumentan que a planificación socialista eficiente era imposible por que:

- Métrica de custos non eficiente en ausencia de mercado.

Docs 4

- Complexidade excesiva - argumento de millóns de ecuacións.
- Millóns de ecuacións
 - Os computadores poden obviamente mudar isto xa que poden solucionar millóns de ecuacións.
 - Necesidade de ser moi precisos sobre cantos millóns de ecuacións e como son de difíciles de resolver.
 - Esta é unha rama da teoría da complexidade.

Táboa de E/S

goma	goma	aceiro	cinc	algodón
aceiro				
petróleo				
cinc				
algodón				
traballo				
resultados				

- Coa táboa de E/S pódese calcular a cantidade de produto intermedio necesario para producir cada produto final.
- En particular podemos calcular o contido laboral de cada resultado.

Computabilidade do contido laboral

- Supóñase que temos 10 millóns de tipos diferentes de bens producidos nunha economía (Nove cita isto).
- O contido laboral dado pola ecuación matricial
- $\lambda = A\lambda + \ell$
- Onde λ é un vector de contidos laborais,
 ℓ un vector de entradas de traballo directas
 e A unha matriz de entrada de saída.
- Evidentemente, demasiado grande para investir, a matriz é mesmo demasiado grande para almacenala nun computador que contén 10^{14} células.

Unha solución gaussiana imposible

Fago estimacións conservadoras de velocidades de un só procesador 100 Mflop efectivo.

Produtos	Multiplicacións	Tempo necesario	
		uniprocador	multiprocador, 100 core
1000	1,000,000,000	10 segundos	0.1 segundos
100,000	10^{15}	4 meses	27 horas
10,000,000	10^{21}	317,000 anos	3,170 anos

Está claro que é imposible!

Simplificación

- A matriz é escasa, a maioría dos elementos son cero.
- Substituír por representación de listas ligadas, estimamos que o número de entradas usadas directamente nun produto é logarítmico no tamaño da economía.
- Resolver iterativamente: usar sobre 10 iteracións.
- Complexidade da orde $n \log n$ no número de produtos. Estimamos que leva uns segundos nun computador moderno.

Representación escasa

- Cada proceso de produción representado por unha lista de pares (código de entrada, cantidade).
- En media, pódese representar un proceso
- nunhas 100 células en vez de en 10 millóns.

Docs 4

100 Finanzas, enerxía, terra,
coidados, datos: Privados? Sociais?
A economía no século XXI

Solución iterativa

- Só necesitamos coñecer valores laborais de 3 cifras significativas.
- Inicialmente só se inclúen entradasde traballo directo.
- A segunda estimación do produto ten en conta as entradas indirectas. Repetir este paso unhas 10 veces.
- Acábase cunha cifra precisa de aproximadamente 3 díxitos.

Solución iterativa factíbel

Estes tempos están baseados en medicións reais en experimentos, Cottrell, Allin et al. «Is Economic Planning Hypercomputational? The Argument from Cantor Diagonalisation». IJUC 5 (2009): 223-236.

Produtos	Tempo necesario
	3Ghz xeon 1 core
10,000	1.6sec
100,000	5.8sec
1,000,000	68.2sec
10,000,000	12 mins

Medido

Proxectado

Conclusións

- Europa afronta mudanzas potencialmente catastróficas.
- Poden atenuarse, mais non eliminarse, mediante a planificación directiva.
- A planificación pode ser capitalista de estado ou socialista e implicaría mudanzas radicais nas relacións sociais.
- En calquera caso, haberá que facer un uso extensivo dos métodos computacionais modernos.


Xornadas

**Finanzas, enerxía,
terra, coidados, datos:
Privados? Sociais?**

A economía no século XXI

—
Facultade de Filosofía. Santiago de Compostela
30 de marzo e 6 de abril de 2019

A Xornada, en imaxes





FINANZAS, ENERXÍA, TERRA, CUIDADOS, DATOS: PRIVADOS? SOCIAIS? A ECONOMÍA NO SÉCULO XXI



SÁBADO 30 de Marzo e SÁBADO 6 DE Abril

(Sábado 30 de 09:00 a 19:00 h e Sábado 6 de 10:00 a 14:00 h)

SANTIAGO DE COMPOSTELA

FACULTADE de FILOSOFÍA

organiza:

LIDIA SENRA

Deputada no
Parlamento Europeo

Máis información: lidiasenra.gal

Programa

Sábado 30/03/2019

09:00 h.

Recepción dos/as participantes e apertura das xornadas por Lidia Senra Rodríguez, Deputada no Parlamento Europeo e membro do Grupo Parlamentario da Esquerda Unitaria Europea/Esquerda Verde Nórdica (GUE/NGL).

09:30 h.

Enerxía: é posible a transición a un sistema descentralizado baseado en enerxías renovables?

Margarita Mediavilla Pascual, doutora e profesora da Escola de Enxeñerías Industriais e membro do grupo de Enerxía, Economía e Dinámica de Sistemas da Universidade de Valladolid.

Introdución e moderación: **Xoán Doldán**, profesor de Economía Aplicada na Universidade de Santiago de Compostela e Vicepresidente de Véspera de Nada.

11:00 h.

Descanso

11:30 h.

Propiedade da terra e soberanía alimentaria.

Xoan Carlos Carreira Pérez, doutor e Enxeñeiro Agrónomo, profesor da USC retirado.

Marina Dos Santos, membro da Dirección Nacional do Movemento dos Traballadores Rurais Sem Terra.
Introdución e moderación: **Isabel Vilalba Seivane**, secretaria xeral do Sindicato Labrego Galego.

13:00h.

Fin da xornada de mañá

16:00 h.

Finanzas: privadas ou públicas?

Ricardo G. Zaldívar, doutor en Economía e ex-coordenador de ATTAC España.

Introdución e moderación: **Adrián Dios**, doutor en Economía, investigador na USC e membro da Coordinadora de En Marea.

17:30 h.

Economía de coidados: conceptos e debates.

Mertxe Larrañaga Sarriegui, doutora, profesora de Economía Aplicada na Universidade do País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea (UPV/EHU)

Introdución e moderación: **Paula Vázquez Verao**, deputada no Parlamento Galego por En Marea.

19:00 h.

Fin da xornada

Sábado 06/04/2019

10.00 h.

Os nosos datos, son propiedade común?

Ekaitz Cancela Rodríguez, xornalista e autor do libro «Despertar do soño tecnolóxico».

Introdución e moderación: **Lidia Senra**, deputada galega no Parlamento Europeo.

11:15 h.

Descanso

11:30 h.

Romper co consenso, planificación para unha economía socialista

William Paul Cockshott, profesor de Computing Science na Universidade de Glasgow.

Introdución e Moderación: **Xabier Pérez Davila**, economista e escritor.

13:00h.

Lectura das conclusións das Xornadas



↑ Lidia Senra e Xabier Perez Davila, conversando nun momento do comezo das xornadas

↓ Lidia Senra, durante a inauguración das xornadas, con Xoán Doldán e Margarita Mediavilla



↑ Lidia Senra, durante a inauguración das xornadas, con Xoán Doldán e Margarita Mediavilla

↓ Xoán Doldán e Margarita Mediavilla, no primeiro coloquio das xornadas, sobre Enerxía



↓ Vista xeral das xornadas

↓ Isabel Vilalba, Marina dos Santos e Xoan Carlos Carreira, desde a esquerda, na mesa sobre Propiedade da Terra e Soberanía Alimentaria



Adrian Dios e Ricardo G. Zaldivar,
na mesa sobre Finanzas



↓ Paula Vazquez Verao e Mertxe Larrañaga, na mesa sobre Coidados



Paula Vazquez Verao
e Mertxe Larrañaga,
na mesa sobre Coidados



↑ Lidia Senra e Xabier Perez Davila, nun descanso das xornadas, atendendo aos medios de comunicación

↓ Pola esquerda, Xabier Perez Davila, Paul Cockshott, Lidia Senra e Ekaitz Cancela, no comezo do segundo día das xornadas



↑ Lidia Senra e Ekaitz Cancela,
na mesa sobre Propiedade
dos Datos



↑ Xabier Perez Davila
e Paul Cockshott na mesa
sobre Economia social

Conclusións e alternativas

Catro décadas de hexemonía neoliberal impuxeron a falsa evidencia de que só existe unha política económica posíbel, baseada na propiedade privada dos medios de produción e no desregulamento da economía, incluíndo a liberalización dos mercados de capitais e de traballo.

Os resultados son: intensificación da explotación; aumento da desigualdade económica; discriminación económica das mulleres que deben soportar a tripla carga do traballo de mercado, doméstico e de coidados; e crise ecolóxica que pon en perigo os equilibrios naturais imprescindíbeis para a supervivencia dunha sociedade civilizada.

Nestas xornadas analizamos as posibilidades que abriría a propiedade colectiva, pública, común, dalgúns dos principais sectores económicos: as finanzas; a terra e a produción de alimentos; a produción e distribución de enerxía; o traballo doméstico, reprodutivo e de coidados; e a información e os datos. Ademais, reflexionamos sobre as posibilidades que as tecnoloxías da información e a comunicación ofrecen para a substitución da coordinación económica a través do mercado pola planificación socialista.

Estas breves conclusións queren ser apenas un punto de partida para un debate urxente.

1. Enerxía: É posíbel a transición a un sistema descentralizado baseado en enerxías renovábeis?

Unha esmagadora maioría de estudos científicos demostran que os picos de petróleo, gas e carbón están próximos.

O petróleo convencional (barato e de doada extracción) acadou o máximo de produción no ano 2006 e os non convencionais apenas están a conseguir aumentar lixeiramente a produción.

Prevense picos do gas natural e carbón cara aos anos 2030-2035 e 2050, e do uranio cara ao mesmo ano 2050.

O devalo da calidade enerxética maniféstase na redución da taxa de retorno enerxético, o cociente entre a enerxía obtida e a empregada na extracción.

A tecnoloxía por si soa non nos proporciona alternativas suficientes.

Os biocombustíbeis teñen rendementos escasos e necesitan enormes extensións de terra. Os combustíbeis líquidos extraídos do gas natural, carbón e subprodutos do refinado do petróleo dispararían as emisións de CO₂ con resultados catastróficos.

As enerxías renovábeis son as candidatas máis serias para substituíren os fósiles. Porén, son intermitentes e, a maior parte, proporcionan enerxía en forma de calor e electricidade, mais non de combustíbel. Ademais, necesitan grandes extensións de terreo.

Por iso, a transición enerxética e ecolóxica esixirá adoptar medidas como o fomento do aforro, o transporte público, a agroecoloxía, a relocalización, o deseño de vivendas pasivas, etc. Necesitaremos modificar a noso xeito de vivir.

Debemos desenvolver tecnoloxías sustentábeis que respecten tres normas básicas: uso de enerxías renovábeis, peche dos ciclos de materiais e acomodo aos ritmos do planeta.

Por outra parte, a crise enerxética fai parte dunha crise máis ampla: mudanza climática; perda de biodiversidade, solo fértil, pescarías e bosques; e incremento exponencial da desigualdade. Necesitamos corrixir a insustentabilidade estrutural da sociedade actual. A mudanza tecnolóxica debe ir acompañada dunha mudanza social para construímos unha economía que cubra as necesidades básicas das persoas sen pór en perigo os equilibrios naturais que permiten sustentar a sociedade civilizada. Para iso, será necesario reducir drasticamente a desigualdade e a explotación.

2. Propiedade da terra e soberanía alimentaria

A primeira vista, a propiedade da terra semella moi repartida en Galiza (arredor de 1,6 millóns de propietarios/as) pero hai que ter en conta que esta repartición non é igualitaria de termos en conta a superficie de cada explotación e, ademais, que hai movementos de acaparamento de terras puntuais pero importantes no sector da minaría e nas plantacións forestais.

En Galiza non se dá unha concentración da propiedade legal das terras de grande importancia, mais danse dous fenómenos moi preocupantes: un acaparamento das producións por parte dun reducido número de empresas e unha concentración de usos.

A produción de entre o 11-15% da superficie agraria e forestal está acaparada por só catro empresas. O 93% de toda a superficie agraria e forestal do país está ocupada polos cultivos forestais arborizados e os destinados á alimentación animal; é dicir, por monocultivos exportadores. E isto ten que ver coa soberanía alimentaria definida pola Vía Campesiña como «o dereito dos pobos, dos seus Países ou Unións de Estados a definir a súa política agraria e alimentaria, sen *dumping* fronte a países terceiros».

En Galiza existen cultivos ou grupos de cultivos que na actualidade ocupan máis superficie da que sería precisa para cubrir as necesidades do país (os cultivos forraxeiros e as zonas de pasto ocupan arredor de 600.000 ha máis). Mais outros ocupan menos superficie que a necesaria (os cereais de gran precisarían 20.000 ha máis).

Despois de anos especializándonos no monocultivo do leite e do eucalipto, a realidade é que a agricultura comercial non é capaz de cubrir as necesidades de alimentación da poboación galega. A nosa situación con relación á soberanía alimentaria será catastrófica de non ser pola pequena agricultura familiar. É fundamental o papel dunha produción invisíbel para unha gran parte da sociedade: a produción das hortas familiares e a de autoconsumo que, xunto coas explotacións de menos de 10 ha, obteñen o 63% dos alimentos para consumo humano directo ocupando só o 29% da SAU.

Consideramos imprescindible, pois, un debate sobre:

- Acaparamento de terras ou concentración de usos.
- Soberanía alimentaria.
- Comercio de proximidade.

3. Finanzas: públicas ou privadas?

O longo proceso de «globalización» que xa dura 40 anos é a fase máis recente do sistema capitalista que afronta unha crise sistémica de grandes proporcións.

Os elementos fundamentais do proceso de globalización son: a liberdade de movementos de capitais, o desregulamento das actividades financeiras e a expansión dos paraísos fiscais.

Dez anos despois do inicio da Crise Financeira Global (CFG), a arquitectura financeira causante da crise reforzouse. O sistema financeiro é cada vez máis poderoso. As entidades de

masiado grandes para caer e as grandes transnacionais son o verdadeiro poder que domina as finanzas e a economía mundial.

A UE impulsou a hexemonía das finanzas privadas no continente europeo e impuxo a súa lóxica excluínente sobre os Estados periféricos: Grecia, Portugal, Estado español e Irlanda.

Propomos a creación dunhas finanzas ao servizo da cidadanía baseadas en cinco principios:

- Tirar as finanzas públicas dos mercados financeiros. O BCE deberá estar controlado democraticamente. Financiamento público dos Estados.
- Escapar da trampa da débeda. Auditorías cidadás sobre a débeda que conduzan a quitas e reestruturacións .
- Dotar as finanzas públicas dunha base sustentábel. Profunda reforma fiscal que incremente os impostos sobre a riqueza e beneficios empresariais. Harmonización dos impostos na UE.
- Desarmar os mercados financeiros. Prohibición dos mecanismos especulativos daniños. Creación dun imposto ás transaccións financeiras.
- Financiamento público e democrático da economía. Recuperación e consolidación dunha banca pública baixo control democrático que asegure o financiamento das necesidades sociais e económicas e financie a transición socioecolóxica.

Esta transición, de se dar nun só país, esixiría o establecemento dun control estrito e rigoroso do movemento de capitais, para o protexer dos ataques especulativos e a fuga de capitais.

4. A economía feminista: conceptos e debates

Para a Economía Feminista o obxectivo é a sustentabilidade da vida e a reprodución social, en antítese co obxectivo da acumulación e lucro sen fin que asume a economía convencional.

A economía dos coidados desenvólvese en dous ámbitos: nos fogares, mediante traballo, maioritariamente feminino, non recoñecido; ou mediante traballo de mercado, pagado; fóra dos fogares, en institucións públicas ou privadas.

O traballo de coidados, pagado con menores salarios e realizado en peores condicións laborais, creou unha «débeda social» de coidados coas mulleres.

Cada día realízanse no mundo 16.400 millóns de horas de traballo non remunerado, o que equivale a 2.000 millóns de postos de traballo de 8 horas. As mulleres encárganse de tres cuartas partes deste traballo.

As políticas neoliberais realizan unha dupla privatización: do Estado aos fogares e do Estado ao mercado. Esta privatización xustifícase cunha retórica da «co-responsabilidade», mais sobrecarga de traballo adicional as mulleres e precariza o seu traballo. Ao tempo, ábrese un espazo de valoración para os grandes capitais.

A necesidade dos coidados crea unha cadea global dos coidados. No Norte, a ausencia dos homes do fogar e o traballo remunerado das mulleres provocan unha crise de coidados. A «solución» está nas necesidades das mulleres do Sur que buscan novas oportunidades migrando ao Norte para coidar, especialmente nos fogares.

A socialización do traballo de coidados mediante o gasto público libera as mulleres de parte desa carga, ao tempo que facilita a súa participación no traballo remunerado. En Suecia gástase en políticas de coidados case o 9% do PIB e a taxa de actividade das mulleres que teñen responsabilidade de coidados é do 80%. No Estado español, o gasto non chega ao 4% do PIB e a taxa de actividade do mesmo colectivo está por debaixo do 65%.

Propomos aumentar o gasto público para universalizar as escolas infantís de 0-3 anos, a atención ás persoas dependentes e financiar permisos de paternidade e maternidade de igual e máis prolongada duración.

A discriminación económica das mulleres significa tamén:

- Menor participación no mercado de traballo.
- Segregación ocupacional: concentración das mulleres en sectores relacionados cos coidados e infrarrepresentación nos postos de responsabilidade.
- Maior precariedade: máis desemprego, traballo a tempo parcial, informal e temporal.
- Salarios inferiores.

Esiximos políticas públicas integrais para reducir primeiro, e eliminar despois, esta discriminación económica.

5. Os nosos datos, son propiedade común?

Cinco grandes empresas estadounidenses dominan a economía da información e a comunicación. As FAGAM son monopolios mundiais en redes sociais (Facebook); venda en liña (Amazon); procuras (Google-Alphabet); electrónica de luxo (Apple); e sistemas operativos e ofimática (Microsoft). A súa hexemonía permítelles obter enormes beneficios que reparten en forma de dividendos ou que utilizan para:

- Financiar investimentos en sectores como saúde, tecnoloxía espacial, produción e distribución de contidos audiovisuais, desenvolvemento do carro autónomo, e outros.
- Espiar e apropiarse de todos os datos xerados por miles de millóns de persoas usuarias en todos os continentes, dos que 500 millóns na UE-28.

- Utilizar a información e os datos acumulados para perfeccionar os seus sistemas de intelixencia artificial e os seus algoritmos.

As grandes empresas tecnolóxicas son empresas capitalistas que teñen como principais obxectivos a busca da máxima rendibilidade e a consecución dunha posición de dominio no mercado. Para o conseguiren intensifican a explotación das persoas traballadoras que empregan mediante a prolongación do tempo de traballo e a redución de salarios.

A Unión Europea renunciou a desenvolver un ecosistema propio de empresas da información e a comunicación, sendo hoxe unha colonia dixital dependente de Silicon Valley e Estados Unidos.

Propomos recuperar a soberanía da cidadanía europea sobre a información e os datos que xera. Os datos e a información deben ser un ben común, e non a materia prima da acumulación de grandes capitais privados. É imprescindible pór a información e os datos ao servizo de investigacións útiles en aforro enerxético, saúde, optimización das redes de transporte, investigación sobre crise ecolóxica e mudanza climática, agroecoloxía, etc.

Para o conseguirmos, consideramos imprescindible:

- A creación de empresas públicas europeas en todos os sectores da economía da información e os datos.
- Que os datos xerados en Europa se almacenen en servidores en territorio europeo, baixo custodia pública.
- A substitución dos algoritmos opacos das grandes corporacións por algoritmos abertos, que permitan á cidadanía europea comprender como e que deciden os programas informáticos e o control democrático do falso automatismo das decisións.
- A aprobación dunha lexislación que protexa o dereito á privacidade e á intimidade, tanto fronte ás empresas como á espionaxe dos estados.
- A cifraxe das comunicacións.

- O establecemento de mecanismos que faciliten o acceso das investigadoras e dos investigadores aos datos que precisen, salvagardando sempre o anonimato das persoas usuarias.
- A posta á disposición de cada nivel das administracións públicas dos datos que necesiten, salvagardando os dereitos enunciados nas recomendacións anteriores.

6. Romper co consenso: planificación económica para unha economía socialista

A crise ecolóxica e a mudanza climática implican grandes ameazas para Europa comparábeis ás que se produciron no remate da Idade de Xeo e que obrigaron ao abandono da caza e da recolección para as substituír pola agricultura na península de Anatolia.

Estas transformacións radicais fan preciso afrontar catro grandes desafíos:

- Alimentación. A diminución da produción de cereais pode provocar un aumento dos prezos mundiais, a imposibilidade de importar alimento para o gando e a necesidade de planificar a produción de alimentos para asegurar a suficiencia fronte á caída dos rendementos.
- Enerxía. O Panel Intergobernamental da Mudanza Climática (IPCC) propón, para evitar consecuencias catastróficas, que cara a 2037 se abandone o uso de combustíbeis fósiles. Isto implicará pechar as térmicas e grandes investimentos en enerxías renovábeis, ao tempo que se reducen as necesidades de transporte.
- Temperaturas. O aumento das temperaturas traerá un aumento do risco de incendios incontrolábeis e máis mortes por golpes de calor, o que fará imprescindible a instalación de equipos de ar condicionado.

- Aumento do nivel do mar. Pode obrigar ao abandono de cidades costeiras, construción de novos portos e grandes movementos de poboación.

A reestruturación da sociedade e da economía fará necesarios grandes investimentos e movementos de poboación, e transformacións masivas nas infraestruturas.

Consideramos necesario estudar as posibilidades que unha economía socialista planificada podería ofrecer para facer menos difícil esta gran transformación. Paul Cockshott e Alain Cottrell traballan desde hai décadas nun deseño que inclúe:

- A planificación cibernética utilizando a programación lineal para optimizar o uso da forza de traballo, os obxectivos ambientais e coñecer en tempo real as necesidades esenciais das persoas consumidoras.
- A substitución do cálculo baseado en prezos monetarios por prezos calculados en horas de traballo.
- A substitución do diñeiro por créditos laborais. Cada traballador ou traballadora recibiría créditos monetarios equivalentes ao número de horas traballadas, o que eliminaría as desigualdades de clase e xénero.

As modernas técnicas de computación abren novas perspectivas para unha contabilidade en termos de bens materiais e horas de traballo.

Propomos reabrir o debate social sobre os sistemas económicos e sociais alternativos ao capitalista e sobre a transición a unha sociedade socialista, feminista e ecoloxista, baseada na propiedade social e na democracia radical.

Índice

- 1 **A urxencia dun novo modelo económico
que poña no centro das políticas
a vida e non os intereses do capital**
Lidia Senra

- 5 **Na época das tres crises, reabrir
o debate sobre o socialismo**
Xabier Pérez Davila

- 24 **A tecnoloxía que non nos vai salvar,
a tecnoloxía que nos pode transformar**
Margarita Mediavilla

- 35 **Propiedade da terra e soberanía alimentaria**
Xoán Carlos Carreira Pérez

- 56 **A luta pela terra no Brasil e no mundo**
Marina dos Santos

- 64 **Finanzas privadas ou públicas?
Outras finanzas son posibles**
Ricardo García Zaldívar

- 71 **Os nosos datos son propiedade común?**
Ekaitz Cancela Rodríguez

- 77 **A catástrofe inminente e como preparármolos**
Paul Cockshott

- 101 **A Xornada, en imaxes**

- 117 **Conclusións e alternativas**

* Lamentamos, por razóns de peche de edición,
non poder incluír o relatorio de Mertxe Larrañaga
«Economía de coidados: conceptos e debates»



Documentos

Edita: Lidia Senra Rodríguez

Gráfica: Numax

Imprime: Agencia Gráfica

Dep. Legal: C 860-2019

